

**GUIA NO PROCESO DE MELLORA DA CONVIVENCIA
CFR DE FERROL**

**A CONVIVENCIA ESCOLAR
NO MARCO LEXISLATIVO
DO CENTRO EDUCATIVO**

Ferrol, 26 de xaneiro de 2017

DEFINICIÓN E SIGNIFICADO DA CONVIVENCIA ESCOLAR:

A convivencia escolar é a **capacidade** que teñen as persoas de vivir con outras nun marco de **respecto** mutuo e de **solidariedade** recíproca, expresada na **interrelación** harmoniosa e sen violencia entre os diferentes actores e estamentos da **comunidade educativa**.

Ten un enfoque **formativo**, ao tratarse dunha **aprendizaxe** enmarcada en obxectivos fundamentais e transversais e, a súa vez, é unha **responsabilidade compartida** por toda a comunidade educativa.

(Decreto 8/2015)

A CONVIVENCIA ESCOLAR SUPÓN...

CON-VIVENCIA:


Diálogo

Cooperación

Consenso

Comunicación

Difusión



ORGANIZACIÓN NO CENTRO EDUCATIVO



DOCUMENTOS INSTITUCIONAIS MÁIS IMPORTANTES DUN CENTRO EDUCATIVO

- **PEC:** Proxecto Educativo de Centro
- **CC:** Concreción Curricular de Centro
- **PD:** Programacións Didácticas (a nivel de Departamento/Equipos)
- **PA:** Programacións de Aula
- **PXA:** Programación Xeral Anual
- **MA:** Memoria Anual
- **PE:** Proxecto Económico
- **NOFC:** Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia
- **PdC:** Plan de Convivencia
- **PAD:** Plan de Atención á Diversidade
- **PO:** Plan de Orientación
- **PL:** Proxecto Lector
- **PPL:** Plan de Potenciación das Linguas
- **Outros:** Proxecto Abalar, Proxecto Combas, Contratos-programa, Plan Proxecta...

DOCUMENTOS IMPORTANTES DO CENTRO EN MATERIA DE CONVIVENCIA ESCOLAR

(*ELABORADOS EN BASE Á NORMATIVA LEGAL PERO
CONSIDERANDO A AUTONOMÍA DOS CENTROS EDUCATIVOS*)

➤ **As NORMAS de ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO e CONVIVENCIA (NOFC)**, como documento institucional independente nos centros educativos


➤ **O PLAN DE CONVIVENCIA**, que incorpora as actuacións, programas e medidas para a mellora da convivencia no centros docentes

*****As NORMAS DE CONVIVENCIA**, non son un documento independente senón que se incorporan aos dous documentos anteriores

PARA A XESTIÓN DA CONVIVENCIA NUN CENTRO EDUCATIVO SON IMPORTANTES:

- O desenvolvemento regulamentario do réxime xurídico da convivencia, é dicir, a **NORMATIVA LEGAL** de referencia e a **AUTONOMÍA** dos centros
- Os **AXENTES** responsables da convivencia
- Os **PROCEDEMENTOS** de **PREVENCIÓN** e **CORRECCIÓN** das **CONDUTAS** que afecten á convivencia no centro docente
- As **ACTUACIÓNS, MEDIDAS** e **PROGRAMAS**, así como os recursos para a súa posta en marcha, **FAVORECEDORES** da xestión da **CONVIVENCIA** no centro

**DESENVOLVIMENTO
REGULAMENTARIO
DO RÉXIME XURÍDICO
DA CONVIVENCIA,
É DICIR...**



**NORMATIVA LEGAL
DE REFERENCIA**

NORMATIVA BÁSICA ESTATAL

○ *Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE -BOE 4/5/2006) consolidada coa Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE - BOE 10/12/2013)*

- ❑ **Artigo 120.-** Disposicións xerais.
- ❑ **Artigo 121.-** Plan de convivencia.
- ❑ **Artigo 124.-** Normas de organización, funcionamento e convivencia.
- ❑ **Artigo 127.-** Competencias do consello escolar.

MARCO LEGAL NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

- *Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (DOG 15/07/2011)*
- *Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, en materia de convivencia escolar (DOG 27/01/2015)*

AUTONOMÍA DOS CENTROS EDUCATIVOS:

LOE CONSOLIDADA COA LOMCE:

Artigo 120.2.- Os centros docentes **disporán de autonomía para elaborar, aprobar e executar** un Proxecto Educativo e un proxecto de xestión, así como as **NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO.**

Artigo 120.4.- Os centros, no **exercicio da súa autonomía, poden adoptar** experimentacións, plans de traballo, **formas de organización, NORMAS DE CONVIVENCIA** e ampliación do calendario escolar ou do horario lectivo de áreas ou materias, sen que, en ningún caso se impoñan aportacións ás familias nin esixencias para as AA.EE.

AUTONOMÍA DOS CENTROS EDUCATIVOS:

LOE CONSOLIDADA COA LOMCE:

Artigo 121.2.- ○ **PROXECTO EDUCATIVO...**
recollerá a forma de **atención á diversidade** do alumnado e a **acción titorial**, así como o **PLAN DE CONVIVENCIA** e deberá respectar o principio de non discriminación e de inclusión educativa como valores fundamentais, así como os principios recollidos na LOMCE, LOE e LODE.

CAMBIO REDACCIÓN LOMCE (NOFC)

Artigo 124. **NORMAS DE ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMIENTO E CONVIVENCIA (NOFC)**

1. Os centros elaborarán un **PLAN DE CONVIVENCIA** que incorporarán á programación xeral anual (PXA) e que recollerá **todas as actividades** que se programen co fin de fomentar un **bo clima de convivencia** dentro do centro escolar, a concreción dos **dereitos e deberes do alumnado** e **as medidas correctoras** aplicables en caso do seu **incumprimento** de acordo coa **normativa vixente**, tomando en consideración a situación e condicións persoais do alumnado, e a realización de **actuacións** para la resolución pacífica de conflitos con especial atención a ás actuacións de **prevención** da violencia de xénero, igualdade e non discriminación.

CAMBIO REDACCIÓN LOMCE (NOFC)

Artigo 124. **NORMAS DE ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMIENTO E CONVIVENCIA (NOFC)**

2. As **NORMAS DE CONVIVENCIA E CONDUTA** dos centros serán de obrigado cumprimento, e deberán concretar os **deberes do alumnado** e as **medidas correctoras aplicables** en caso de incumplimento, tomando en consideración a súa situación e condicións persoais.

As **medidas correctoras** terán un **carácter educativo e recuperador**, deberán garantir o respecto aos dereitos do resto do alumnado e **procurarán a mellora nas relaciones de todos...**

As **medidas correctoras** deberán ser **proporcionais** ás faltas cometidas.

CAMBIO REDACCIÓN LOMCE (NOFC)

Artigo 124. **NORMAS DE ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMIENTO E CONVIVENCIA (NOFC)**

Aquelas **condutas** que **atenten contra a dignidade persoal** de outros membros da comunidade educativa, que teñan como orixe ou consecuencia unha **discriminación** ou **acoso** baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnico, relixioso, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o **alumnado máis vulnerable** polas súas características persoais, sociais ou educativas **terán a cualificación de FALTA MOI GRAVE** e levarán asociada como **medida correctora** a **EXPULSIÓN, TEMPORAL OU DEFINITIVA, DO CENTRO**.

As decisións de adoptar **medidas correctoras** pola comisión de **faltas leves** serán **inmediatamente executivas**.

CAMBIO REDACCIÓN LOMCE (NOFC)

Artigo 124. **NORMAS DE ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMIENTO E CONVIVENCIA (NOFC)**

3. Os **membros do equipo directivo** e o **profesorado** serán considerados **autoridade pública**. Nos procedementos de adopción de medidas correctoras, os **feitos constatados** polo profesorado e membros do equipo directivo dos centros docentes terán **valor probatorio e desfrutarán de presunción de veracidade «iuris tantum»** ou agás proba en contrario, **sen prexuízo das probas** que, en defensa dos respectivos dereitos ou intereses, poidan **sinalar ou aportar o propio alumnado**.
4. As Administracións educativas facilitarán que os centros, no marco da súa autonomía, poidan elaborar ás **súas propias** **NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMIENTO**.

NOVIDADE LOMCE

Artigo 127.- Competencias do Consello Escolar

O Consello Escolar do centro terá as seguintes competencias:

- a) ~~aprobar~~ e Avaliar os proxectos e as normas aos que se refire o **capítulo II del título V** da presente lei orgánica.
- f) Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e velar porque se atean á normativa vixente. Cando as medidas disciplinarias adoptadas polo director/a correspondan a **condutas do alumnado que prexudiquen gravemente la convivencia** do centro, o Consello Escolar, a instancia dos pais ou titores, **poderá revisar a decisión adoptada e propoñer**, no seu caso, as **medidas** oportunas.
- g) Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a **convivencia no centro**, a igualdade entre homes e mulleres, a igualdade de trato e a non discriminación polas causas a que se refire o **artigo 84.3 da presente lei orgánica**, a resolución pacífica de conflitos, e a prevención da violencia de xénero.

NOVIDADE LOMCE

Artigo 132.- *Competencias do director/a.*

Son competencias do director/a:

- f) **Favorecer** a convivencia no centro, garantir a **mediación** na resolución dos conflitos e **impoñer as medidas disciplinarias** que correspondan ao alumnado, en cumprimento da normativa vixente sen prexuízo das competencias atribuídas ao **Consello Escolar** no **artigo 127 desta lei orgánica**. A tal fin, promoverase a **axilización dos procedementos** para a resolución dos conflitos nos centros.
- l) **Aprobar os proxectos e as normas aos que se refire o capítulo II do título V** da presente lei orgánica.

NOVIDADE LOMCE

Artigo 132. Competencias do director/a (cont.)

I) Aprobar os proxectos e as normas aos que se refire o capítulo II do título V da presente lei orgánica (LOMCE).

- Proxecto Educativo (incluído: **Plan de convivencia**) (PE: PdeC)
- Proxecto de xestión.
- **Normas de organización, funcionamento e convivencia** (NOFC)
- Programación xeral anual (PXA): incluírá unha **concreción anual do PdeC** igual que outros plans.

NORMATIVA AUTONÓMICA

*Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
(DOG 15-07-2011)*

➤ Artigo 10. **PLAN DE CONVIVENCIA E NORMAS DE CONVIVENCIA.**

2. As normas de organización e funcionamento de cada centro docente incluírán as **normas de convivencia** que garantan o cumprimento do **plan de convivencia**. Estas normas serán públicas e os centros docentes facilitarán o seu coñecemento por parte de todos os membros da comunidade educativa.

NORMATIVA AUTONÓMICA

Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, en materia de convivencia escolar (DOG 27/01/2015-Entra vigor 20 días).

- **Artigo 18.** *Normas de organización e funcionamento.*
- **Artigo 19.** *Normas de convivencia.*
- **Artigo 20.** *Aplicación, difusión e seguimento das normas de organización e funcionamento e das normas de convivencia.*

➤ **Disposición transitoria cuarta.** *Adaptación normativa*

As **normas de organización e funcionamento** e os **plans de convivencia** en vigor deberán adaptarse ao establecido neste decreto nun PRAZO DUN ANO DENDE A SÚA ENTRADA EN VIGOR. En ningún caso, poderán aplicarse se se opoñen ao disposto nel.

***Pero... a que persoas lles
corresponde aplicar e poñer
en práctica esta normativa?***

AXENTES RESPONSABLES

DA CONVIVENCIA



AXENTES RESPONSABLES DA CONVIVENCIA

- **A comunidade educativa**
- O Consello Escolar
- **A comisión de convivencia**
- **O Claustro de profesores**
- **O equipo directivo**
- Órganos de coordinación docente
- Consello para a convivencia escolar da Comunidade Autónoma de Galicia

AXENTES/ÓRGANOS DESTACADOS

- A **comunidade educativa**, no seu conxunto, é axente responsable da convivencia escolar e polo tanto participa na elaboración, desenvolvemento, control do cumprimento e avaliación do Plan de convivencia.
- O **claustro de profesorado**, realizará propostas para a elaboración do Plan de convivencia, especialmente no referido ás normas de convivencia e actuacións de carácter educativo relacionadas coa resolución pacífica dos conflitos. Ademais participará na avaliación periódica da convivencia no centro, incidindo especialmente no desenvolvemento do Plan.
- O **equipo directivo** do centro, en conxunto e de xeito individual a persoa que exerza a **dirección do centro** e a persoa que exerza a **xefatura de estudos** do centro.

AXENTES/ÓRGANOS DESTACADOS

- Potenciase a labor da **Comisión de convivencia**, no seo do Consello Escolar, como órgano **responsable da convivencia** no **CENTRO** educativo. Integrantes diferentes estamentos. (***VEMOS CONTEXTO PdeC**)
- Créase o **Consello para a convivencia escolar da Comunidade Autónoma de Galicia** como órgano de **carácter consultivo** e de apoio a toda a **COMUNIDADE EDUCATIVA**, no que se refire a convivencia escolar (**Nivel Comunidade Autónoma de Galicia**).
- Desaparecen, para evitar estruturas organizativas duplicadas ou órganos que exerzan competencias moi similares, os observatorios para a convivencia, nos seus tres niveis de actuación: de centro, provincial e autonómico. (**DERROGADO XA: Decreto 85/2007**)

O EQUIPO DIRECTIVO E A CONVIVENCIA...

Ao EQUIPO DIRECTIVO do centro correspóndenlle as seguintes funcións/competencias:

- **Elaborar**, de ser o caso, o **Plan de convivencia** do centro e as demais actuacións derivadas do desenvolvemento, seguimento, avaliación e revisión deste, así como as demais competencias da **Comisión de convivencia, mentres non estea constituída**.
- Impulsar as actividades previstas no Plan de convivencia así como velar pola realización destas e polo cumprimento das normas de convivencia.

(Decreto 8/2015 - Artigo 8.1.- O equipo directivo > Axentes responsables da convivencia escolar)

A PERSOA QUE EXERZA A DIRECCIÓN DO CENTRO EDUCATIVO E A CONVIVENCIA...

Funcións da DIRECCIÓN en materia de convivencia, ademais das competencias que lle atribúe o artigo 132 da LOE-LOMCE:

- ~~APROBAR O PLAN DE CONVIVENCIA~~ e garantir as condicións para que exista no centro un axeitado clima escolar que favoreza a aprendizaxe e a participación do alumnado. **(SI : APROBA O PLAN)**
- Garantir o exercicio da mediación, a imposición de medidas correctoras e o desenvolvemento dos procesos e procedementos que estableza a normativa ao respecto.
- Velar polo cumprimento das medidas correctoras por parte do alumnado.
- A imposición das medidas correctoras, de conformidade co artigo 132.f) da LOE, que poderá delegar no xefe/a de estudos, no titor ou nun profesor, nos termos legalmente establecidos.

(Decreto 8/2015 - Artigo 8.2 e 8.3.- O equipo directivo > Axentes responsables...)

A PERSOA QUE EXERZA A XEFATURA DE ESTUDOS DO CENTRO E A CONVIVENCIA...

Funcións/competencias da XEFATURA DE ESTUDOS como axente en materia de convivencia escolar:

- Coordinar e dirixir as actuacións establecidas no Plan de convivencia do centro e nas normas de convivencia do centro.
- Velar polo **desenvolvemento coordinado e coherente das actuacións establecidas no Plan de convivencia** e das actuacións relativas á mellora da convivencia reflectidas nos respectivos **plans de acción tutorial e de atención á diversidade** do centro.
- Promover o exercicio da **mediación** que se leve a cabo no centro.
- Organizar a **atención educativa ao alumnado** ao que se lle **suspendese o dereito de asistencia á clase**, no marco do disposto nas **normas de organización e funcionamento do centro**.

DOCUMENTOS
IMPORTANTES
DO CENTRO
EN MATERIA
DE CONVIVENCIA



DOCUMENTO IMPORTANTE 1

**AS NORMAS DE
ORGANIZACIÓN,
FUNCIONAMIENTO E
CONVIVENCIA (NOFC)
(antes NOF e RRI)**

AS NORMAS DE ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E CONVIVENCIA (NOFC)

- *Conxunto de normas relativas á organización e funcionamento do centro. Xorden da participación e do consenso de toda a comunidade escolar* (alumnado, profesores, persoal de administración e servizos e nais e pais do alumnado)
- As **NOFC** non se limitan a un **regulamento disciplinario** senón que son moito máis amplas. Ademais, deben abarcar todos os elementos da **organización** do centro e todo o relativo a **recursos** e **ordenación** destes.

AS NORMAS DE ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E CONVIVENCIA (NOFC)

- As **NOFC** son un documento institucional independente nos centros educativos, pero con fundamento no seu Proxecto Educativo (PE), sendo as súas liñas xerais as que deban inspirar o seu desenvolvemento.
- As **NOFC** de cada centro docente incluírán as normas de convivencia como garantía do cumprimento do Plan de convivencia que forma parte do Proxecto Educativo.

AS NORMAS DE ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E CONVIVENCIA (NOFC)

- A participación da comunidade educativa na elaboración das **NOFC** é esencial polo tanto débense **impulsar os principios democráticos na práctica** e non só na aprendizaxe teórica.
- Contar con **puntos de vista diferentes** ao normativo non é negativo, pero estes non deben contradicir a norma, polo tanto é conveniente:
 - Aproveitar ao máximo a flexibilidade das disposicións e ampararse no principio de autonomía pedagóxica recoñecida na normativa existente para os centros educativos,
 - Ter en conta que apartarse da norma co pretexto de innovar anula a lexitimidade de quen pretende facer cumprir sen antes cumprir.

AS NORMAS DE ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E CONVIVENCIA (NOFC)

- As **NOFC** serán **públicas** e os centros docentes facilitarán o seu coñecemento por parte de todos os membros da comunidade educativa.
- Recollerán, **entre outras**:
 - ❑ Organización dos **espazos** e dos **tempos**
 - ❑ Distribución dos **recursos**, para favorecer unha convivencia positiva no centro educativo.
 - ❑ Establecerán os **procedementos de comunicación** ás familias de:
 - Faltas de **asistencia do alumnado** ás clases e as correspondentes **autorizacións ou xustificacións** para os casos de ausencia cando estes sexan menores de idade non emancipados.
 - Outras **comunicacións de interese**: actividades complementarias e extraescolares, dereito e protección de imaxe...

AS NORMAS DE ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E CONVIVENCIA (NOFC)

- Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o ROC das EEI e dos CEP, CEIP, recolle nos artigos 93 ao 95 (incluídos) aspectos do seu Regulamento de réxime interior (RRI)
- Decreto 324/1996, do 26 de xullo polo que se aproba o ROC dos IES, recolle nos artigos 99 a 101 (incluídos) aspectos do seu Regulamento de réxime interior (RRI)
- Decreto 79/1999, do 7 de xaneiro, polo que se aproba o ROC dos CPI, recolle nos artigos 68 ao 72 (incluídos) aspectos do seu Regulamento de réxime interior (RRI)

AS NORMAS DE ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E CONVIVENCIA (NOFC)

➤ O RRI será elaborado polo equipo directivo e aprobado polo Consello Escolar. Incorporarase ao Proxecto Educativo do Centro --> **Agora aproba: DIRECCIÓN.**

➤ A **INSPECCIÓN EDUCATIVA** supervisará o regulamento de réxime interior (RRI) para comprobar a súa adecuación ao establecido nas disposicións vixentes, formulará as suxestións que coide oportunas e indicará as correccións que procedan.

AS NORMAS DE ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMIENTO E CONVIVENCIA (NOFC)

○ Deberá concretar, tendo en conta os recursos e características propias do centro, ENTRE OUTROS, os seguintes aspectos:

- ❖ A organización práctica da participación de tódolos membros da comunidade educativa.
- ❖ Normas de convivencia que favorezan as relacións entre os distintos membros da comunidade educativa.
- ❖ Canles de coordinación entre os órganos de goberno e xefes de departamento, titores, equipo de normalización lingüística, coordinador de formación en centros de traballo, etc.
- ❖ Organización e reparto de responsabilidades non definidas na normativa vixente.
- ❖ Organización dos espazos e instalacións do instituto. Normas para o correcto uso.
- ❖ Funcionamento dos servizos educativos do centro

EXEMPLO: UN POSIBLE ESQUEMA NOFC

I. **O CENTRO:** Principios educativos. Natureza e características. Obxectivos.

II. **ESTRUTURA ORGANIZATIVA E FUNCIONAMENTO DOS DIFERENTES ÓRGANOS. CANLES DE COORDINACIÓN** (*Normativa + ROC*)

1. ÓRGANOS DE GOBERNO

- **Órganos executivos de goberno:** Equipo Directivo, Director/a, Vicedirector/a, Xefe/a de Estudos, Secretario/a
- **Órganos colexiados de goberno:** Consello escolar e procedemento de actuación (coas Comisións, entre estas a **Comisión de convivencia**) e o Claustro de profesores e procedemento de actuación.

2. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

- CCP, Dptos. Didácticos, Departamento de Orientación, Dpto. actividades extraescolares e complementarias, ENDL, Coordinación de FCT, Titorías (PAT): Xunta de titores. Equipo docente grupo/nivel. Outros **equipos de dinamización**: Biblioteca, TIC, Programas internacionais, **Convivencia**....

EXEMPLO: UN POSIBLE ESQUEMA NOFC

3. ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN, REPRESENTACIÓN E COLABORACIÓN SOCIAL

- **Órganos de representación e participación do alumnado:** Representación do alumnado no Consello Escolar, Asociacións de alumnos/as, Xunta de delegados/as, Delegados/as e subdelegados/as de grupo e/ou curso
- **Órganos de representación e participación dos pais e nais:** ANPAs, Escola de pais e nais / Escolas de familia.
- **Órganos de colaboración social:** Convenios de colaboración con asociacións culturais ou entidades sen ánimo de lucro, coas Administracións locais, Convenios con empresas (FCT).

4. CANLES DE COORDINACIÓN ENTRE OS ÓRGANOS DE GOBERNO E DE COORDINACIÓN DOCENTE

- Canle ordinario de participación da Dirección e Xefatura Estudos nos órganos de coordinación docente.
- Canle da participación ordinaria e extraordinaria dos representantes de órganos de coordinación docente no Consello Escolar e no Claustro de profesores.

EXEMPLO: UN POSIBLE ESQUEMA NOFC

5. ORGANIZACIÓN PRÁCTICA DA PARTICIPACIÓN DE TODOS OS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA E REPARTO DE RESPONSABILIDADES

- Canles de participación dos distintos sectores da comunidade educativa
- Canle de propostas ao Consello Escolar. Caixa de correos de suxestións (ou calquera outro canle que se considere oportuno).
- Atención a pais e nais de alumnos no seguimento educativo dos alumnos. Tutorías. **Protocolo educativo para prevención e control do absentismo.**
- Procedemento para a atención de alumnos en caso de accidente. **(1)**
- Atención dos alumnos en caso de enfermidade prolongada. **(2)**
- Atención ordinaria e extraordinaria do alumnado que require medicamentos ou outras medidas sanitarias durante a xornada escolar. **(3)**
- Asignación de outras responsabilidades diferentes ás sinaladas aos cargos directivos, xefes de Dptos., tutores e profesores de garda.

***** (1, 2, 3) Protocolo urxencias sanitarias e enfermidades.**

EXEMPLO: UN POSIBLE ESQUEMA NOFC

6. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS GARANTES DE RIGOR E TRANSPARENCIA NA TOMA DE DECISIÓNS POR PARTE DOS ÓRGANOS DE GOBERNO E DE COORDINACIÓN DOCENTE EN PROCESOS IMPORTANTES DO CENTRO

- *Aspectos xerais*
 - Criterios
 - Procedementos
- *Escolarización do alumnado (aspectos normativos e centro)*
 - Criterios
 - Procedementos
- *Avaliación do alumnado (aspectos comúns e logo todas as concrecións por etapas educativas impartidas no centro)*
 - Criterios
 - Procedementos

EXEMPLO: UN POSIBLE ESQUEMA NOFC

III. NORMAS DE CONVIVENCIA * (=Plan de Convivencia)

- ❑ As **normas de convivencia**, que serán elaboradas polos centros docentes, terán como obxectivo fundamental desenvolver **unhas relacións positivas entre os diferentes membros da comunidade educativa** para lograr un **clima escolar** axeitado que facilite o logro dos obxectivos educativos e o **éxito escolar**.
- ❑ A través da **Comisión de convivencia** velarase polo **cumprimento** das normas establecidas.
- ❑ As normas de convivencia do centro, logo da súa aprobación, serán de **obrigado cumprimento para toda a comunidade educativa** e estarán recollidas no Plan de convivencia do centro.

EXEMPLO: UN POSIBLE ESQUEMA NOFC

III. NORMAS DE CONVIVENCIA * (=Plan de Convivencia)

- ❑ Deberán levarse a cabo as actuacións necesarias para difundir as **normas de organización e funcionamento e as normas de convivencia** na comunidade educativa.
- ❑ En particular, as normas de convivencia de cada centro docente:
 - A) Concretarán os **DEREITOS E DEBERES** do **alumnado**.
 - B) Establecerán as **CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E AS CORRECCIÓNS** que lle correspondan polo seu incumprimento, de acordo co previsto na normativa.

EXEMPLO: UN POSIBLE ESQUEMA NOFC

IV. OS SERVIZOS EDUCATIVOS COMPLEMENTARIOS E O SEU FUNCIONAMENTO (*Normativa propia*)

- O comedor escolar.
- O transporte escolar.

V. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E OUTRAS ACTIVIDADES NON DOCENTES. (*Normativa + ROC*)

- Actividades complementarias.
- Actos académicos.
- Actividades culturais.
- Actividades extraescolares.
- Actividades de participación do centro.
- Actividades de asociacións de alumnos, de pais e nais de alumnos, de corporacións, entidades sen ánimo de lucro, etc.
- Outras actividades. Actividades artísticas nas Escolas de Arte.
- Normas sobre asistencia a actividades fora do recinto escolar.

EXEMPLO: UN POSIBLE ESQUEMA NOFC

VI. VENTA DE PEQUEÑOS OBJETOS E OUTROS ASPECTOS DE AUTONOMÍA DE GESTIÓN ECONÓMICA. (*Normativa + ROC*)

- Prezos por fotocopias, chamadas telefónicas, fax, etc.
- Venta de pequenos produtos obtidos directamente de actividades lectivas
- Servizos por produtos obtidos directamente a través de actividades lectivas, educativas e similares
- Máquinas expendedoras de produtos.
- Aportacións voluntarias por actividades lúdicas.
- Rifas e outros ingresos que requiren autorización de outras administracións distintas á educativa.
- Utilización de instalacións e dependencias do centro por persoas alleas á comunidade educativa sen afección ás actividades do centro educativo.

EXEMPLO: UN POSIBLE ESQUEMA NOFC

VII. RECLAMACIÓNS POR RESPONSABILIDADE DO CENTRO EDUCATIVO.

- Información sobre reclamacións por responsabilidade patrimonial ou responsabilidade civil.
- Procedemento de reclamación.

VIII. RELACIÓNS EXTERIORES DO CENTRO EDUCATIVO.

- Relacións co Concello.
- Organización das actuacións para a relación do centro con outras institucións do contorno.

IX. MEDIOS E FORMAS DE DIFUSIÓN Á COMUNIDADE EDUCATIVA.

- Información do titor e dos profesores ao inicio de cada curso escolar nas horas asignadas ao efecto (PAT) e/ou nas primeiras clases.
- Información do equipo directivo nas sesións ou reunións cos membros da comunidade educativa.
- Circular ou “folla informativa” ao comezo de cada curso escolar.

EXEMPLO: UN POSIBLE ESQUEMA NOFC

X. PROTOCOLOS DE COMUNICACIÓN AOS SERVIZOS SOCIAIS PARA OS MENORES EN SITUACIÓN DE DESPROTECCIÓN.

- ❑ Entre outros o *“Protocolo educativo para a prevención e o control do Absentismo escolar en Galicia”*
- ❑ *Existen outros Protocolos para a denuncia de maltrato infantil da Consellería de Benestar*

XI. PROCEDEMENTO DE DIFUSIÓN, APLICACIÓN, REVISIÓN DAS NOF.

❑ Difusión

- Difusión das NOF. Depósito de **copias dilixenciadas en dependencias** do centro e entrega de exemplares a representantes dos sectores educativos.
- Difusión dos **Dereitos e Deberes do alumnado** e demais normas de xeral aplicación (PAT) aos distintos sectores educativos.

❑ Procedemento para a aplicación

- Data e procedemento de aplicación

❑ Revisión e participación

- Calendario de revisión.
- Procedemento de participación da comunidade educativa.

DOCUMENTO IMPORTANTE 2

O PLAN DE CONVIVENCIA

+ AS NORMAS DE CONVIVENCIA

O PLAN DE CONVIVENCIA DO CENTRO


CONVIVENCIA

E

CLIMA

DE

CENTRO



EIXE DA CONVIVENCIA NO CENTRO

O PLAN DE CONVIVENCIA

○ Documento chave no que se articula a convivencia escolar do centro:

- Liñas xerais do modelo de convivencia a implantar
- Principio de igualdade entre mulleres e homes
- Necesidades con base nun diagnóstico
- Obxectivos específicos
- Normas que regulan a convivencia
- Directrices básicas e actuacións a realizar, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterá actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras
- Proxecto de reflexión e pensamento
- Incluído no Proxecto Educativo de cada centro
- Considerará os fins e principios establecidos na Lei 4/2011, Decreto 8/2015, e outra normativa que a desenvolva

PROCESO DE ELABORACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

○ Reflexión previa sobre cuestións básicas: ?

- **Non improvisamos.-** Facemos unha boa planificación
- **Necesitamos tempo.-** Para pensar e traballar individualmente e por equipos, analizar, avaliar...
- **Necesitamos espazos.-** Despachos, salas reunións, entrevistas, respectar uso espazos, importancia do tema...
- **Necesitamos gañas.-** Camiñar na mesma dirección, cultura de colaboración e axuda, compartir...
- **Amosamos o noso compromiso.-** Non mirar cara outro lado por incomodo que sexa, corrixir, evitar abandonar...
- **Contamos con apoios.-** Feitos positivos+agradables, confianza mutua no traballo, ser guías, axudar a resolver, potenciar a formación...

PROCESO DE ELABORACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA (CONT.)

○ Reflexión previa sobre cuestións básicas: ?

- **Participamos todos.-** Cremos na capacidade de transformación, dereito e deber, implicación persoal e profesional, evitamos exclusión, busca de solucións...
- **Apostamos por unha dirección colexiada.-** Conxunto de persoas, compatibles coa convivencia democrática...
- **Crems profundamente nas persoas.-** Alumnado, familias, compañeiros, profesionalidade, propia capacidade, influencia no alumnado, respectamos e nos respectan...
- **Preguntámonos pola nosa implicación/resistencia.-** Actitudes cara ao alumnado, competencia e planificación docente, criterio claro nas decisións...

ESTRUTURA DO PLAN DE CONVIVENCIA



POSIBLE ESQUEMA PLAN CONVIVENCIA

1. INTRODUCCIÓN

(contextualización do tema e normativa)

2. PROCESO DE ELABORACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

2.1. Sensibilización da comunidade educativa

Creación da **COMISIÓN DE CONVIVENCIA** que será a encargada do traballo e divulgación deste entre a comunidade educativa, sensibilización sobre a necesidade de **PROMOVER UNHA CONVIVENCIA POSITIVA**, busca dunha **LINGUAXE COMÚN**.

○ Compartir as nosas crenzas, partindo de aspectos clave como son:

- Marco teórico de partida en determinados conceptos: educación, convivencia, disciplina, normas, conflitos, competencias...
- Documentos que rexen a vida do centro: relacións interpersoais, participación no establecemento das normas, tratamento da convivencia, da educación emocional e moral, estilos de ensino-aprendizaxe, metodoloxía en relación co clima de centro...
- Familias: importancia da educación no ámbito familiar, estilos educativos...
- O contorno: clima social, papel na formación de cidadáns, ofertas ocio

○ Identificar situacións que impulsen e/ou dificulten unha boa convivencia.

POSIBLE ESQUEMA PLAN CONVIVENCIA

2. PROCESO DE ELABORACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

2.2. Análise e diagnóstico da situación do contexto

- No **diagnóstico de necesidades** deberá recollese información significativa que represente os **diferentes puntos de vista** dos integrantes da comunidade educativa, empregando **diferentes ferramentas de recollida de información** (cuestionarios, entrevistas, escalas de observación, paneis de expertos do contorno educativo, análise de documentos do centro...). Con esta información configurarase o **PLAN DE CONVIVENCIA** e intentárase dar resposta ás **necesidades prioritarias** detectadas.
- **EXECUTADA / PRIMEIROS INFORMES:** Aplicación informática **CONVIVENCIA XESTIÓN**, con Cuestionarios dirixidos a todos os membros da comunidade educativa para detectar os puntos fortes e os débiles.

POSIBLE ESQUEMA PLAN CONVIVENCIA

2. PROCESO DE ELABORACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

2.2. *Análise e diagnóstico da situación do contexto (cont.)*

Analizamos: contorno social, contorno familiar e contorno escolar (centro, alumnado, profesorado, dinámicas xerais.

Este diagnóstico sitúanos na realidade e proporciona un perfil concreto do centro e recollerá, cando menos e segundo se recolle no artigo 14 do Decreto 8/2015, os seguintes aspectos:

- Características do **centro** e do seu **contorno** que contextualizan a intervención educativa.
- Aspectos da **xestión e organización** do centro que inflúen na convivencia.
- Estado das **relacións e participación** na vida do centro de todos
- **Conflitividade** detectada no centro, indicando o **tipo e número** de conflitos que se producen e os sectores implicados nestes.
- **Actuacións desenvolvidas** no ámbito da convivencia e **efectividade** destas.

POSIBLE ESQUEMA PLAN CONVIVENCIA

2. PROCESO DE ELABORACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

2.3. Concreción do Plan

- 2.3.1. Obxecto, fins e principios do plan
 - ✓ *Fins e principios informadores da convivencia nos centros docentes (artigo 3 da Lei 4/2011)*
 - ✓ *Obxectivos xerais do Plan de convivencia (artigo 12 do Decreto 8/2015)*
- 2.3.2. Obxectivos específicos (derivados da análise previa)
 - ✓ *Recoller a formulación dos obxectivos consensuados que o centro se propón acadar na mellora da convivencia, atendendo ao diagnóstico elaborado, e explicitaranse de forma específica para cada curso escolar, redactados e descritos de forma que faciliten a súa avaliación.*
- 2.3.3. Actuacións, medidas ou programas

POSIBLE ESQUEMA PLAN CONVIVENCIA

2.3. Concreción do Plan

2.3.3. Actuacións, medidas ou programas

A) Organización XERAL da convivencia do centro

1. Normas de convivencia do centro (*xa tratado no apdo. NOFC*)
2. Condutas contrarias á convivencia e a súa corrección
3. Comisión de convivencia (*xa tratado no apdo. AXENTES*)
4. Aula de convivencia inclusiva
5. Protocolos e programas específicos
 - 5.1. Protocolo de acoso escolar
 - 5.2. Protocolo de mediación
 - 5.3. Protocolo de procedemento conciliado
 - 5.4. Programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais
6. Escola de nais e pais

POSIBLE ESQUEMA PLAN CONVIVENCIA

2.3. Concreción do Plan

2.3.3. Actuacións, medidas ou programas (CONT.)

B) Actuacións ANUAIS do plan de convivencia

1. Concreción das actuacións
2. Relación entre as actuacións do plan de convivencia e outros documentos do centro (PEC, NOF, PAD e PAT)
3. Os responsables das actuacións
4. A temporalización
5. Os recursos
6. Os indicadores de logro e os instrumentos de avaliación

2.3.4. Mecanismos de coordinación e colaboración no desenvolvemento do plan

2.3.5. Seguimento, avaliación e propostas de mellora do plan

2.3.6. Difusión do plan

CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

1. Normas de Convivencia

As **normas de convivencia**, que serán elaboradas polos centros docentes, terán como obxectivo fundamental desenvolver **unhas relacións positivas entre os diferentes membros da comunidade educativa** para lograr un **clima escolar** axeitado que facilite o logro dos obxectivos educativos e o **éxito escolar**.

A través da **Comisión de convivencia** velarase polo **cumprimento** das normas establecidas.

As normas de convivencia do centro, logo da súa aprobación, serán de **obrigado cumprimento para toda a comunidade educativa** e estarán recollidas no Plan de convivencia do centro.

CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

1. Normas de Convivencia (cont.)

- ❑ Deberán levarse a cabo as actuacións necesarias para difundir as **normas de organización e funcionamento e as normas de convivencia** na comunidade educativa.
- ❑ En particular, as normas de convivencia de cada centro docente:
 - A) Concretarán os **DEREITOS E DEBERES** do **alumnado**.
 - B) Establecerán as **CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E AS CORRECCIÓNS** que lle correspondan polo seu incumprimento, de acordo co previsto na normativa.

CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

1. Normas de Convivencia (cont.)

A) DEREITOS E DEBERES DA COMUNIDADE EDUCATIVA (*LEI 4/2011 e outras disposicións*, RD 732/1995 os referidos ao alumnado + OUTROS CONSIDEREMOS)

■ DEREITOS E DEBERES DO ALUMNADO

- *Dereitos*: dereitos do alumnado en xeral, probas, cualificacións, reclamacións na avaliación do alumnado, instrucións para a realización de probas e exames, dereito á reunión/inasistencia colectiva á clase para o alumnado a partir do 3º Curso da ESO
- *Deberes*: deberes do alumnado en xeral, responsabilidade “civil e penal” dos alumnado maiores de idade, menores de idade. Outros aspectos atendendo á idade dos alumnos

■ DEREITOS E DEBERES DO PROFESORADO

- *Dereitos e Deberes*
- *Responsabilidade civil e penal dos funcionarios*
- *Incompatibilidades*
- *Faltas, sancións, procedemento disciplinario*

CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

1. Normas de Convivencia (cont.)

A) DEREITOS E DEBERES DA COMUNIDADE EDUCATIVA (CONT.)

■ DEREITOS E DEBERES DO PAS

○ *Dereitos e deberes de:*

- ✓ Auxiliares administrativos
- ✓ Conserxes
- ✓ Persoal de limpeza
- ✓ Outro persoal laboral: Auxiliares educativos, vixilantes de comedor, coidadores, cociñeiros, axudantes de cociña...
- ✓ Persoal dependente de outras entidades ou empresas coas que se contratou o servizo

■ DEREITOS E DEBERES DAS NAIS E DOS PAIS DE ALUMNOS/AS

- *Dereitos*
- *Deberes*

CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

1. Normas de Convivencia (cont.)

B) NORMAS DE CONVIVENCIA

- As normas de convivencia do centro, logo da súa aprobación, serán de **obrigado cumprimento para toda a comunidade educativa** e estarán recollidas no Plan de convivencia do centro.
- A través da **COMISIÓN DE CONVIVENCIA** velarase polo **cumprimento** das normas establecidas.
- Deberán levarse a cabo as actuacións necesarias para **difundir as normas de organización e funcionamento e as normas de convivencia** na comunidade educativa.

CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

1. Normas de Convivencia (cont.)

B) NORMAS DE CONVIVENCIA (cont.)

- Aspectos xerais da convivencia no centro e normas que garanten a execución do Plan de convivencia contemplado no PEC.
- Actividades prohibidas/non permitidas.
- Normas para “a organización” e o uso das instalacións, espazos, recursos e servizos educativos do centro e a circulación de persoas.
- A indumentaria persoal
*“Poderán incluír **previsións sobre a vestimenta do alumnado** no centro docente ou o xeito de presentarse neste, orientadas a garantir que non atenten contra a súa dignidade, non supoñan unha discriminación por razón de sexo ou un risco para a súa saúde ou integridade persoal, e a dos demais membros da comunidade educativa, ou non impidan ou dificulten a normal participación do alumnado nas actividades docentes”*

CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

1. Normas de Convivencia (cont.)

B) NORMAS DE CONVIVENCIA (cont.)

- As mochilas, os maletíns, os bolsos, as carpetas e outros obxectos similares.
- As videocámaras, as máquinas fotográficas, “vídeos”, e demais medios de gravación visual o acústica. Os “videoxogos” e outros aparatos similares.
- A regulación do uso dos teléfonos móbiles.
“Así mesmo, prohíbese o uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos como mecanismos de comunicación durante os períodos lectivos.
Excepcionalmente, os centros poderán establecer normas para a correcta utilización como ferramenta pedagóxica”

CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

2. Condutas contrarias á convivencia e a súa corrección:

- Condutas **gravemente prexudiciais** para a convivencia e a súa corrección
- Condutas **leves contrarias** á convivencia e a súa corrección

PROCEDEMENTOS DE
CORRECCIÓN DAS
**CONDUTAS GRAVEMENTE
PREXUDICIAIS**
PARA A CONVIVENCIA

Procedemento CONCILIADO:
PRIORIZAR, cando proceda

Procedemento COMÚN

REQUIRE: INSTRUCCIÓN DUN PROCEDIMENTO CORRECTOR

CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E A SÚA CORRECCIÓN (CONT.) ASPECTOS XERAIS

- Especial énfase na **prevención** das condutas contrarias á convivencia mediante o desenvolvemento das actuacións e medidas incluídas no seu Plan de convivencia.
- **Procesos de corrección** das condutas do alumnado contrarias á convivencia escolar forman **parte do seu proceso educativo.**
- **Requisitos** das correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia.

CONDUTAS CONTRARIAS A CONVIVENCIA E A SÚA CORRECCIÓN (CONT.) ASPECTOS XERAIS

- Requisitos das correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia:
 - Ter carácter **educativo e recuperador**.
 - Garantir o **respecto dos dereitos** de todo o alumnado e procurar a **mellora da convivencia** no centro docente.
 - Contribuír a que a alumna ou o alumno corrixa/o asuma o **cumprimento dos seus deberes** e **mellore as súas relacións con todos** os membros da comunidade escolar e **se integre** no centro educativo.
 - Ser **proporcionais á gravidade da conduta** corrixa.

CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E A SÚA CORRECCIÓN (CONT.) ASPECTOS XERAIS

- Estratexias habituais e preferentes para a resolución dos conflitos: o diálogo e a conciliación.
- Asistencia e orientación psicopedagóxica: ás vítimas e ás persoas agresoras, casos necesarios.
- Garantías á vítima de situacións de acoso escolar: protección da integridade e dignidade persoais (medidas cautelares), dereito á educación, debendo primar sempre o interese da vítima sobre calquera outra consideración no tratamento destas situacións.

CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E A SÚA CORRECCIÓN (CONT.) ASPECTOS XERAIS

- O incumprimento das normas de convivencia será **valorado antes da imposición da corrección** tendo presente:
 - a **idade** do alumnado corrixido
 - as **circunstancias** persoais, familiares ou sociais do alumnado corrixido
- Ningunha alumna ou alumno poderá ser **privada/o do exercicio do seu dereito á educación** nin, para o caso da educación obrigatoria, do seu **dereito á escolaridade**.
- Non poderán impoñerse **correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal** do alumnado.
- **Información puntual as familias** sobre as correccións **da** condutas que lles afecten (norma+NOFC).

Condutas contrarias á convivencia e a súa corrección (cont.) GRADACIÓN DAS MEDIDAS CORRECTORAS

- Para a gradación das medidas correctoras tomaranse en consideración especialmente os seguintes criterios:
 - **Recoñecemento espontáneo** do carácter incorrecto da conduta e, de ser o caso, o **cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos** producidos.
 - Existencia de **intencionalidade ou reiteración** nas condutas.
 - **Difusión**, por calquera medio, da conduta, as súas imaxes ou a ofensa.
 - **Natureza dos prexuizos** causados.
 - Carácter especialmente **vulnerable da vítima** da conduta, (razón de idade, recente incorporación ao centro, calquera outra circunstancia que se considere).

Condutas contrarias á convivencia e a súa corrección (cont.) REPARACIÓN DE DANOS CAUSADOS

- Alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia:
 - ás instalacións e materiais dos centros, incluídos os equipamentos informáticos e o software,
 - aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación.
- Obrigado a **restituír o subtraído** ou, se non fose posible, a **indemnizar** o seu valor.
- As nais e pais ou as titoras ou tutores legais serán **responsables civís** nos termos previstos pola lexislación vixente.

Conductas contrarias á convivencia e a súa corrección (cont.) REPARACIÓN DE DANOS CAUSADOS

- Conductas tipificadas como agresións físicas ou morais deberá repararse o dano moral causado mediante:
 - a presentación de escusas e
 - o recoñecemento da responsabilidade dos actos,
 - en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos
 - de acordo co que determine a resolución que impoña a corrección da conduta.
- Réxime de **responsabilidade e reparación** de danos: compatible coas **correccións disciplinarias** que, de ser o caso, correspondan.

Conduitas contrarias á convivencia e a súa corrección (cont.) ÁMBITO DE CORRECCIÓN

- As que se produzan en **calquera** tipo de actividade que se desenvolva dentro do recinto escolar
- Durante a realización de actividades complementarias e extraescolares que se desenvolvan fóra do recinto escolar
- Durante a prestación dos **servizos de comedor e transporte escolar**.
- Poderán corrixirse: condutas do alumnado producidas fóra do recinto escolar que estean directamente relacionadas coa vida escolar e **afecten a outros membros** da comunidade educativa.

CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

CONT....Conduas contrarias á convivencia e a súa corrección:

Conduas gravemente prexudiciais para a convivencia (art.38 Decreto 8/2015)	Medidas correctoras das conduas gravemente prexudiciais (art.39 e 40 Decreto 8/2015)	Aplicación das medidas correctoras cgpc (art.41 D. 8/15)
a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa. b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave. d) A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, á dignidade da persoa, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa. e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011. f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos. g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción. h) Os actos inxustificables que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar. i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas. j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado. k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de conduas leves contrarias á convivencia. l) O incumprimento das sancións impostas.	a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro. b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes. c) Cambio de grupo. d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo. e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo. f) Cambio de centro. IMPORTANTE: Aquelas conduas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa, que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas terán a cualificación de conduas gravemente prexudiciais e levarán asociadas como medidas correctoras as establecidas nas alíneas e) ou f) do apartado primeiro deste artigo. CAMBIO DE CENTRO.- Medida correctora de CARÁCTER EXCEPCIONAL - Esta medida correctora non poderá propoñerse ao alumnado que curse a ensinanza obrigatoria cando na localidade onde se sitúa o seu centro ou na súa localidade de residencia non exista outro centro docente que imparta as ensinanzas que curse. - A proposta de cambio de centro poderá supoñer o cambio de réxime, de modalidade ou de materia. - Cando a persoa instrutora dun procedemento corrector propoña á persoa responsable da Dirección do centro a imposición a unha alumna ou a un alumno da medida correctora de cambio de centro, a Dirección deberá comprobar que se cumpren os requisitos establecidos nos apartados precedentes deste artigo, e logo da comprobación de tales circunstancias, comunicará inmediatamente a proposta á xefatura territorial correspondente, achegándolle o expediente do devandito procedemento corrector. - A xefa ou o xefe territorial correspondente, logo de analizar o caso e tendo en conta o informe da Inspección Educativa, autorizará, no seu caso, mediante resolución, a aplicación da medida correctora de cambio de centro. No caso de non ser autorizada a proposta, a Dirección do centro deberá modificala e aplicar outras medidas correctoras.	- A Dirección do centro, por proposta da persoa que instrúa o procedemento corrector, impoñerá as correccións enumeradas no artigo 39 deste capítulo de conformidade cos procedementos previstos no capítulo IV do título III deste decreto. - Unha alumna ou un alumno poderá ser readmitida/o nas clases ou no centro antes de cumprir todo o tempo de suspensión, se a Dirección constata que se produciu un cambio positivo na súa actitude e na súa conduta, para o cal consignará por escrito no correspondente expediente as razóns ou motivos que permitiron apreciar o antedito cambio na súa actitude e na súa conduta.

CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

CONT....Conduas contrarias á convivencia e a súa corrección:

Conduas leves contrarias á convivencia (art.42 Decreto 8/2015)	Medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia (art.43 Decreto 8/2015)	Aplicación das medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia (art.44 Decreto 8/2015)
a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificables da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do artigo 15 da Lei 4/2011 que non alcancen a gravidade requirida no devandito precepto. b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do artigo 15 da Lei 4/2011. c) A falta de asistencia inxustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro. d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases. e) As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia de cada centro docente.	a) Amoestación privada ou por escrito. b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a Xefatura de Estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados. c) Realización de traballos específicos en horario lectivo. d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro. e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas. f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana. g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá de realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo. h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá de realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.	Responsables da aplicación das medidas correctoras.- A imposición das medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia levaraa a cabo: a) O profesorado da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b) e c) do artigo 43 deste decreto. b) A titora ou titor da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b), c) e d) do artigo 43 deste decreto. c) A persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, ou a persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno, e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas a), c), d), e) e f) do artigo 43 deste decreto. d) A persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas g) e h) do artigo 43 deste decreto. A imposición destas medidas correctoras comunicárase á nai ou ao pai, ou á titora ou titor legal da alumna ou alumno antes de que estas se fagan efectivas, así como á Comisión de Convivencia do centro. Solicitud de revisión e execución de medidas - As alumnas ou os alumnos ás/aos que se lles aplique as medidas correctoras dunha conduta contraria ás normas de convivencia recollidas nas alíneas g) e h) do artigo 43 deste decreto, ou de ser o caso, se fosen menores non emancipados ou emancipados, as persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es, poderán mostrar o seu desacordo coa aplicación destas, no prazo de dous días lectivos, mediante escrito dirixido á Dirección do centro, que logo de analizar e valorar as alegacións presentadas, ratificará ou rectificará a medida correctora. - A resolución que impoña algunha das medidas correctoras ás que se refire o apartado 1 deste artigo, así como ás restantes recollidas no artigo 43 deste decreto, pon fin á vía administrativa, e será inmediatamente executiva.

CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

CONT....Condutas contrarias á convivencia e a súa corrección:

PRESCRICIÓN DAS CONDUCTAS E DAS MEDIDAS CORRECTORAS

	CONDUCTAS		MEDIDAS CORRECTORAS	
	CONDUTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA	CONDUTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA	CONDUTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA	CONDUTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA
PRESCRICIÓN	Aos 4 meses da súa comisión	A 1 mes da súa comisión	A 1 ano da firmeza da Resolución imposta, en vía administrativa	Aos 4 meses da súa imposición
INTERRUPCIÓNS DA PRESCRICIÓN	▪ Interromperá a iniciación do procedemento para a corrección da conduta, con coñecemento do interesado/a ▪ Reiniciándose o cómputo o prazo de prescripción no caso de producirse a caducidade do procedemento			
PRAZO DE PRESCRIPCIÓN	Comezará a contarse dende o día en que a conduta se leve a cabo, <u>agás</u> cando se trate dunha conduta continuada, nese caso o prazo de prescripción non empezará a computarse mentres non cese			

CONT....Conductas contrarias á convivencia e a súa corrección:

Procedimiento corrector de conductas aparentemente contrarias a las normas de convivencia

```
graph TD
    Inicio([Inicio]) --> Condicion1{Condición de inicio de la conducta aparentemente contraria a las normas de convivencia}
    Condicion1 -- No --> Fin([Fin])
    Condicion1 -- Sí --> Identificacion[Identificación de la conducta aparentemente contraria a las normas de convivencia]
    Identificacion --> Evaluacion[Evaluación de la conducta aparentemente contraria a las normas de convivencia]
    Evaluacion --> Intervencion[Intervención de la conducta aparentemente contraria a las normas de convivencia]
    Intervencion --> Seguimiento1[Seguimiento de la conducta aparentemente contraria a las normas de convivencia]
    Seguimiento1 --> Condicion2{Condición de finalización de la conducta aparentemente contraria a las normas de convivencia}
    Condicion2 -- No --> Intervencion
    Condicion2 -- Sí --> Fin
    Condicion1 -- Sí --> Tratamiento[Tratamiento de la conducta aparentemente contraria a las normas de convivencia]
    Tratamiento --> Seguimiento2[Seguimiento de la conducta aparentemente contraria a las normas de convivencia]
    Seguimiento2 --> Condicion3{Condición de finalización de la conducta aparentemente contraria a las normas de convivencia}
    Condicion3 -- No --> Tratamiento
    Condicion3 -- Sí --> Fin
```

The flowchart details the following steps and decision points:

- Inicio** (Start)
- Condición de inicio de la conducta aparentemente contraria a las normas de convivencia** (Decision: Initial condition of the apparently contrary behavior to the rules of coexistence)
 - No**: Proceeds to **Fin** (End).
 - Sí**: Proceeds to **Identificación de la conducta aparentemente contraria a las normas de convivencia** (Identification of the apparently contrary behavior to the rules of coexistence).
- Identificación de la conducta aparentemente contraria a las normas de convivencia** (Identification of the apparently contrary behavior to the rules of coexistence) leads to **Evaluación de la conducta aparentemente contraria a las normas de convivencia** (Evaluation of the apparently contrary behavior to the rules of coexistence).
- Evaluación de la conducta aparentemente contraria a las normas de convivencia** leads to **Intervención de la conducta aparentemente contraria a las normas de convivencia** (Intervention of the apparently contrary behavior to the rules of coexistence).
- Intervención de la conducta aparentemente contraria a las normas de convivencia** leads to **Seguimiento de la conducta aparentemente contraria a las normas de convivencia** (Follow-up of the apparently contrary behavior to the rules of coexistence).
- Seguimiento de la conducta aparentemente contraria a las normas de convivencia** leads to **Condición de finalización de la conducta aparentemente contraria a las normas de convivencia** (Decision: Final condition of the apparently contrary behavior to the rules of coexistence).
 - No**: Returns to **Intervención de la conducta aparentemente contraria a las normas de convivencia**.
 - Sí**: Proceeds to **Fin**.
- Condición de inicio de la conducta aparentemente contraria a las normas de convivencia** (Decision: Initial condition of the apparently contrary behavior to the rules of coexistence) also leads to **Tratamiento de la conducta aparentemente contraria a las normas de convivencia** (Treatment of the apparently contrary behavior to the rules of coexistence).
- Tratamiento de la conducta aparentemente contraria a las normas de convivencia** leads to **Seguimiento de la conducta aparentemente contraria a las normas de convivencia** (Follow-up of the apparently contrary behavior to the rules of coexistence).
- Seguimiento de la conducta aparentemente contraria a las normas de convivencia** leads to **Condición de finalización de la conducta aparentemente contraria a las normas de convivencia** (Decision: Final condition of the apparently contrary behavior to the rules of coexistence).
 - No**: Returns to **Tratamiento de la conducta aparentemente contraria a las normas de convivencia**.
 - Sí**: Proceeds to **Fin**.

CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

3. A Comisión de convivencia

- Ten carácter **consultivo** e desempeñará as súas funcións por delegación do Consello Escolar para facilitar o cumprimento das competencias que, en materia de convivencia escolar ten asignadas o Consello Escolar.
- Composta por:
 - O seu **presidente** será a persoa titular da **dirección** do centro.
 - Representantes do **alumnado**.
 - **Representantes do profesorado**.
 - Representantes das **familias**
 - Representantes do persoal de administración e servizos
 - O titular do centro, no caso dos centros concertados.
- Todos os **representantes na mesma proporción na que se encontran representados no Consello Escolar do centro**, aínda que **non é requisito que sexan os mesmos**.
- Un dos seus integrantes actuará como secretaria ou secretario e levantará acta das súas reunións.

CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

3. A Comisión de convivencia (cont.)

- Profesionais **aconsellables** na composición da Comisión de convivencia (como profesorado):
 - ❑ **Persoa que ostente a Xefatura do Departamento de Orientación.**
 - ❑ **Profesorado** que realice a función específica de **dinamizador da convivencia** no centro.
 - ❑ Calquera outro membro da comunidade educativa que teña **formación e sensibilidade** nos temas relacionados coa convivencia. (entre eles a persoa que ostente a **Xefatura de Estudos**, polas súas competencias nesta materia).
- **Plan de reunións/xuntanzas mínimas: 3 xuntanzas ordinarias anuais** (unha por trimestre), necesarias **extraordinarias** convocadas por presidencia iniciativa propia ou proposta de 1/3 membros.

CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

3. A Comisión de convivencia (cont.)

A Comisión de convivencia de cada centro educativo, público ou privado concertado, deberá **constituírse no PRAZO DE SEIS MESES DENDE A ENTRADA EN VIGOR DO DECRETO 8/2015.**

(Decreto 8/2015 - Artigo 6.- A Comisión de Convivencia. Disposición transitoria terceira. Constitución desta)

- **Posibilidade de asesoramento/colaboración:**
Departamento orientación centro, profesorado titor, EOE, educadores sociais concello, asociacións sectores, outros profesionais específicos...
- **Funcións/actuacións da comisión de convivencia**
(artigo 6 e outras que se consideren)

CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

3. A Comisión de convivencia (cont.)

Funcións/actuacións da Comisión de convivencia:

- Elaborar o **Plan de convivencia** do centro e as demais actuacións derivadas do desenvolvemento, seguimento, avaliación e revisión deste, función que será **asumida polo equipo directivo cando non estea constituída**.
- Velar pola correcta aplicación do disposto na normativa existente en materia de convivencia e no **Plan e normas de convivencia**.
- Elevar ao Consello Escolar de cada centro e recoller na **memoria anual da Comisión de convivencia**, as iniciativas tendentes a previr e resolver conflitos de convivencia, mellorar a convivencia e fomentar o respecto mutuo e a tolerancia no centro educativo propostas polas escolas de nais e pais que se poidan crear no centro e se contemplen no Plan de convivencia.
- Posibles funcións, por delegación do Consello Escolar

CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

4. Aula de convivencia inclusiva: funcionamento

- **Normativa reguladora:** *Circular 8/2009 at.diversidade ESO, art. 8 Decreto 229/2011 at.diversidade, art.19.3 Lei 4/2011 e art. 25 Decreto 8/2015*
- **Que son?:** Aulas, de convivencia inclusiva, para o alumnado que, como consecuencia da imposición de medidas correctoras, estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro. Son **non estables** e, de ser o caso teñen a finalidade de **substituír o tempo de expulsión**, con apoios e formación específica, e buscan a mellor reincorporar do alumnado á súa propia aula no menor tempo posible. Establecerase no Plan de convivencia un **protocolo para a súa organización e funcionamento**.
- **Obxectivo desta aula:** converterse nunha **alternativa á expulsión do centro** para aquel **alumnado sancionado** con esta medida.

CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

Cont... Aula de convivencia inclusiva:

○ **Obxectivos e finalidades antes da posta en marcha desta aula (exemplos):**

- Axudar a adquirir unha boa disposición cara ás tarefas escolares e compensar as carencias que lles impiden a algúns alumnos ou alumnas a súa inclusión escolar.
- Reconstruír e favorecer a súa autoestima e as habilidades de pensamento reflexivo e de autocontrol.
- Favorecer no alumnado a comprensión do alcance que teñen as súas condutas para si mesmo e para os demais e a importancia da responsabilidade das súas accións, pensamentos, sentimentos e comunicacións cara aos demais.
- Habilitar un espazo que lle proporcione ao alumnado as condicións necesarias para reflexionar sobre a súa conduta contraria ás normas de convivencia, o seu comportamento en determinados conflitos e sobre como afecta todo iso ao desenvolvemento das clases.

CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

Cont... Aula de convivencia inclusiva:

- **Derivación e actuacións na aula:** respectarán a proporcionalidade coa conduta do alumnado e deberá contribuír á mellora do seu proceso educativo.
- **Aspectos que incluírá o Plan:**
 - **Creación:** disposición ou dispoñibilidade profesorado para atención.
 - **Proceso de derivación:**
 - Impostas medidas correctoras/reeducadoras impidan actividades lectivas.
 - Resolución motivada da dirección do centro: decisión, motivo, nº días, nº horas, actividades formativas e de reflexión a facer... Asesoramento XDO.
 - Trámite audiencia e comunicación resolución (escrita e entrevista): familia, titor/a, responsables aula e comisión de convivencia.
 - Condicións para atención: compromiso implique traballar obxectivos aula
 - **Responsables da aula:** coordinados profesorado titor (encargado seguimento evolución e comunicación familia) e equipo docente.

CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

Cont... Aula de convivencia inclusiva:

- **Gardas específicas:** establecidas por XE, entre todo profesorado do centro.
- **Horario e condicións funcionamento aula:** horario como calquera aula do centro. Condicións **nº máximo** de:
 - Veces que un alumn@ pode ser derivado
 - Días e/ou horas ao día de atención
 - Alumnado atender simultaneamente nesta
 - Outras
- **Localización aula/instalacións:** tamaño reducido (atencións puntuais), mobiliario disposto para diálogo e reflexión, localización accesible, cálida, próxima a cargos directivos ou sala profesorado (carácter formal), percibida como lugar para aprender a convivir.
- **Material didáctico para o seu funcionamento:** Xefatura do Departamento de Orientación para as actividades de reflexión e Dptos. Didácticos actividades formativas.

CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

Cont... Aula de convivencia inclusiva:

- **ALUMNADO:** perfil/ criterios (reincidente, condutas disruptivas clase, dificultades autocontrol e disposición cara tarefas escolares, expulsión non favoreza corrección conduta...), **actividades** (específicas aprendizaxes básicas do curso, dirixidas reflexión, programa habilidades e competencia sociais).
- **PROFESORADO:** nomeamento (todo, colaboración DO), **horario** (garda e horario regular de obrigada permanencia no centro), **actuacións** (profesor que remite establece tarefas+corrixe+avalía, profesor aula convivencia supervisa execución proposto e colaboración coa XDO actuacións reflexión e programa habilidades e competencia sociais conxunto profesorado e familia).
 - **DO:** responsable programar actividades reflexión e programa hbs. e competencia sociais. Colaborar Comisión C., CCP, criterios pedagóxico
 - **Dpto. Didácticos:** incluír Programación actividades formativas, **serán** adaptadas, para entregar profesorado encargado aula.

CONCRECIÓN DO **PLAN DE CONVIVENCIA**

5. Protocolos e programas específicos

No Plan de convivencia poderán incluírse cantos protocolos se consideren oportunos e necesarios para a mellora da convivencia en cada centro educativo, pero hai unha serie de protocolos que pola súa importancia cómpre incluír:

5.1. Protocolo de acoso escolar e ciberacoso

5.2. Protocolo ou programa de mediación

5.3. Protocolo de procedemento conciliado

5.4. Programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais

CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

Protocolos e programas específicos

5.1. Protocolo de acoso escolar e ciberacoso

- *Instrucións do 17 de xuño de 2013, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa* polas que se traslada o *Protocolo Xeral de Prevención, Detección e Tratamento do Acoso Escolar e Ciberacoso* nos centros sostidos con fondos públicos da comunidade autónoma de Galicia. *(actualizado recentemente)*

Adaptar ás necesidades do centro este Protocolo Xeral ofrecido pola Consellería de Cultura, Educación e O.U., así como os seus Anexos para facilitar e axilizar o seu desenvolvemento.

CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

Protocolo de acoso escolar/ciberacoso (cont): ESTRUCTURA

O protocolo básico de actuación, que servirá como referente para o do centro, presenta a seguinte estrutura:

- Pautas para a identificación do acoso escolar: criterios, tipos e consecuencias.
- Protocolo de actuación.
 - Primeira fase. Coñecemento da situación. Identificación e comunicación.
 - Segunda fase. Recollida de información. Rexistro.
 - Terceira fase. Análise da información e adopción de medidas.
 - Cuarta fase. Seguimento e avaliación das medidas adoptadas. Rexistro.

CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

Protocolos e programas específicos

5.2. Protocolo de mediación

- **Normativa:** *art. 8.1.g) e art. 10 Lei 4/2011 e art. 26 Decreto 8/2015*
- **Definición:** Mediación é unha estratexia de intervención imparcial para a resolución de conflitos, na que unha terceira persoa axuda as partes implicadas a alcanzar un acordo satisfactorio para ambas as dúas. Aborda os conflitos dun modo cooperativo e favorece a aprendizaxe de habilidades e competencias sociais.
- **Estratexia preventiva, resolutiva e reparadora** na xestión de conflitos, independente dos procedementos correctores das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.
- Non substitúe as **normas de convivencia**.

CONCRECIÓN DO **PLAN DE CONVIVENCIA**

Protocolos e programas específicos

Cont... **Protocolo de mediación**

- **Plan convivencia** (**art. 26 Decreto 8/2015**): directrices para creación **Equipos de Mediación**, características do funcionamento, pautas actuación para derivar un caso de conflito cara a mediación.
 - **Selección persoas mediadoras** (Decreto 8/2015): funcións Comisión C. (art. 6.4.e), funcións Equipo D. (art. 8.2.b) e funcións XE (art. 8.2.c)
 - **Potenciación da mediación** (art. 11.2 Decreto 8/2015)
 - **Obxectivos do Plan** (art. 12.f) Decreto 8/2015)
 - **Medidas en conflitos** (art. 15.4 Decreto 8/2015)
 - **Formación en mediación** (art. 22.2 e art. 46.4 Decreto 8/2015)
- **Características da mediación**: voluntariedade, imparcialidade ou neutralidade da persoa mediadora, compromiso e confidencialidade.

CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

Protocolos e programas específicos

Cont... **Protocolo de mediación**

○ Estrutura básica dun protocolo para implantar programa de mediación:

- Servizo de mediación
- Protocolo de actuación mediadora
- Elementos do **Programa** de mediación
- **Conflitos susceptibles ou non de mediación: EXEMPLOS**

Permiten a mediación	NON permiten a mediación
As relacións e/ou o vínculo son importantes para as partes (rompen as relacións por rumores, insultos, situacións que parecen inxustas, amizades deterioradas...). Necesariamente as partes comparten comúns. Non existe un desequilibrio especial e de capacidades comunicativas e de personalidade entre as partes. Cando o alumnado en conflito reconeza a súa responsabilidade e estea disposto a chegar a un acordo. Existencia de equipos de mediación estables e ben estruturados. As partes así o desexan e a normativa preveo. Outros.	Comisión dalgunha das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia. Estes conflitos requiren outras intervencións e, polo tanto, no caso de que un conflito desta índole chegase ao servizo de mediación do centro, este debe derivalo aos órganos competentes do centro para resolver. Cando as diferenzas ou desequilibrio entre as partes en conflito sexan insalvables ou a desaconsellen. No caso de que o mesmo alumno utilice reiteradamente o proceso de mediación durante o mesmo curso escolar sen obter resultados positivos (non se cumpriu co pactado). Falta de confianza e credibilidade no proceso da mediación. As partes non desexan ir á mediación. Outros.

CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

Protocolos e programas específicos

5.3. Protocolo de procedemento conciliado

- **Normativa:** *art. 20 Lei 4/2011 e art. 46, 49 a 51 Decreto 8/2015*
- Elaborar un protocolo para a aplicación deste procedemento:
 - Obxectivos do procedemento conciliado
 - Requisitos
 - Casos nos que **NON** procede o procedemento conciliado
 - Características do procedemento conciliado
 - **Desenvolvemento do procedemento conciliado:**
reunión inicial, responsabilidades dos intervinientes, posibilidade de intervención dunha persoa mediadora (establecido nas NOFC), constancia escrita de medidas e acordos, finalización con acordo ou desacordo (continúa procedemento común).

CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

Protocolos e programas específicos

5.4. Programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais

- **Normativa:** *art. 19 Lei 4/2011 e art. 24 Decreto 8/2015*
- **Conxunto de hábitos ou estilos (comportamentos, pensamentos e emocións):** asertividade, empatía, saber escoitar, definir un problema, avaliación de solucións, negociación, capacidade de desculpa...
- **Programas que establecen os 3 niveis fundamentais de actuación da titoría:** ensinar a ser persoa, ensinar a comportarse, ensinar a convivir.
- **Competencias socioemocionais,** permiten: mellorar o clima de convivencia da aula/centro, favorecer o rendemento académico, mellorar as relacións interpersoais...

CONCRECIÓN DO **PLAN DE CONVIVENCIA**

Protocolos e programas específicos

Cont... Programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais

○ **Requisitos para a posta en marcha:**

- Concienciación de todo o centro educativo
- Implicación máxima dos diferentes órganos (DO, Eq.Directivo, profesorado titor, resto profesorado, alumnado)
- Accións formativas
- Actuacións globais, prolongadas no tempo, intervencións repetidas distintas etapas dos destinatarios, extrapolación ás relacións interpersoais en diferentes contextos

○ **Estrutura tipo dun programa:** marco teórico, contextualización, obxectivos xerais, obxectivos específicos, contidos, metodoloxía e estratexias de intervención, actividades enfocadas a adestrar, avaliación do programa.

CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

5.5. Escola de nais e pais

- **Normativa:** *art. 1* normas básicas de participación familias, *art. 4* principios e fins participación, *art. 6* dereitos e deberes nais/pais, *art. 31* procedemento consulta e participación directa e *disposición adicional sexta* posibilidade da súa promoción, *disposición adicional sétima da Lei 4/2011* impulso para a creación destas; ademais nos *art. 6.2* representantes familias, *art. 18.3* procedementos de comunicación coas familias, *art. 21.a)* acollida alumnado e familias, *art. 22* formación conxunta en convivencia, *art. 24* colaboración en programas de habilidades e competencias sociais, e *específicamente art. 27 Decreto 8/2015*.
- O **Plan de convivencia** de cada centro recollerá, de ser o caso, a **creación** da escola de nais e pais do centro e:
 - Finalidade desta escola
 - Compromisos dos pais/nais/titores legais referidos á convivencia

CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

○ Actuacións ANUAIS do Plan de convivencia

- **Concreción anual do Plan de convivencia**, parte da PXA, deberá explicitar, en función das necesidades que teña o centro educativo, para cada un dos obxectivos específicos que se marque:
 - **Concreción das actuacións.**
 - **Relación entre as actuacións do plan de convivencia e outros documentos do centro.**
 - **Os responsables das actuacións.**
 - **A temporalización.**
 - **Os recursos.**
 - **Os indicadores de logro e os instrumentos de avaliación.**

CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

Cont...Actuacións ANUAIS do Plan de convivencia

- **Base das actuacións:** coñecer diferentes puntos de vista, clarificar e avaliar situación inicial, potenciando as positivas e favorecededoras da convivencia.
- **Medidas**, en función do diagnóstico e análise, **tipoloxías (1):**
 - M1. Organización.
 - M2. Formación.
 - M3. Relacións interpersoais.
 - M4. Intervención directa.
 - M5. Difusión.
 - M6. Relacións entre o plan de convivencia e as normas de organización e funcionamento (NOF).
 - M7. Relacións entre o plan de convivencia e o plan de acción tutorial (PAT).
 - M8. Relacións entre o plan de convivencia e o plan de atención á diversidade (PAD).

CONCRECIÓN DO PLAN

EXEMPLIFICACIÓNS DE ACTUACIÓNS E MEDIDAS:

- M1. ORGANIZACIÓN.-** Revisar as estratexias e procedementos de información, participación e toma de decisións utilizadas nos órganos unipersoais e colexiados do centro para mellorar as estruturas e canles de participación.
- M2. FORMACIÓN.-** Promover desde a comisión de convivencia e asociación de nais e pais actividades informativas e formativas para nais e pais en relación cos temas de convivencia.
- M3. RELACIONS INTERPERSOAIS.-** Coidar as relacións entre o profesorado e do profesorado coas familias, de xeito que constitúan un modelo para as relacións entre o alumnado.
- M4. INTERVENCIÓN DIRECTA PROBLEMAS.-** Rexistrar os conflitos que se producen no centro co fin de ter unha visión real da convivencia no centro que permita, fundamentándose na evidencia, introducir as modificacións necesarias para a regulación da convivencia do centro.
- M5. DIFUSIÓN.-** Informar as nais/pais/titores legais reunións de inicio de curso sobre o Plan Convivencia e NOF, entregando dípticos resumo.

CONCRECIÓN DO PLAN

EXEMPLIFICACIÓNS DE ACTUACIÓNS E MEDIDAS:

- M6. RELACIÓN PLAN/NOF.-** Incorporar, entre os deberes do alumnado, aqueles que teñen que ver con tolerancia e respecto á liberdade, á integridade e á dignidade de toda a comunidade educativa; coa non discriminación; coa implicación na vida do centro e na consecución dun clima axeitado de estudo; co respecto ás normas de organización, convivencia e disciplina; coa asistencia regular á clase; o coidado dos recursos e instalacións...
- M7. RELACIÓN PLAN/PAT.-** Fomentar a integración do novo alumnado e profesorado, desenvolvendo accións que favorezan a adaptación dos novos alumnos e alumnas, profesores e profesoras, e a súa interacción co resto do alumnado e do profesorado.
- M8. RELACIÓN PLAN/PAD.-** Desenvolver medidas e actuacións de tipo curricular, relacional e organizativo para promover a convivencia, a non discriminación e o respecto polas diferenzas.

CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

Cont...Actuacións ANUAIS Plan de convivencia- *Outras*:

- **Actuacións preventivas e para a detección da conflitividade:** acollida, sensibilización, organizativas...
- **Actuacións formativas en materia de convivencia escolar:** actuacións formativas dos distintos membros da comunidade educativa conxuntas, Plans anuais de formación permanente do profesorado...
- **Programas e recursos educativos:** proxectos de innovación e investigación educativa relacionados coa convivencia, modelos de documentos normalizados, materiais e recursos didácticos a disposición dos centros...
- **Medidas complementarias:** programa á adquisición de HHSS, autoconcepto, educación afectivo-sexual, resolución conflitos, traballo cooperativo, igualdade, campañas de seinsibilización, asesoramento e xornadas técnicas pola Admón...

CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

RESPONSABLES DAS ACTUACIÓNS (exemplos):

- Comisión de convivencia.
- Equipo directivo, ou calquera dos seus membros de xeito individual.
- Departamento de orientación, ou calquera dos seus membros de xeito individual.
- Equipo de titores/as (PAT), ou calquera profesor tutor individualmente.
- CCP / Consello escolar / Claustro profesores
- Departamentos didácticos / Equipos de ciclo.
- Profesorado tutor / Profesorado especialista / Profesorado en xeral.
- Equipo de mediación, ou calquera dos seus membros de xeito individual.
- Inspección educativa.
- Axentes externos ao centro (outras administracións, asociacións, fundacións, ONG...) deberán explicitarse.
- Outros.

CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

TEMPORALIZACIÓN (exemplos): 1º trimestre do curso (outro), varias mensualidades (bimestre, semestre...), no mes de..., día... (data concreta), outros.

** Posibilidade de concretar o horario nalgunhas das actuacións*

RECURSOS (exemplos): documentos do centro (PEC, PAT, PAD, NOF, Plan de convivencia, protocolos...), programacións didácticas, estratexias metodolóxicas (aprendizaxe cooperativa, traballo en grupo...), programas específicos de traballo (habilidades sociais, técnicas de traballo intelectual...), materiais elaborados polo propio centro para traballar a convivencia, recursos materiais mercados polo centro para traballar a convivencia, asesoramento da Inspección educativa, Equipo de mediación (de existir), Escola de nais e pais (de existir), servizos externos ao centro (servizos sociais e de saúde, xurídicos, de seguridade cidadá...), outros.

CONCRECIÓN DO **PLAN DE CONVIVENCIA**

INDICADORES DE LOGRO E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Para evidenciar o **éxito** obtido nas distintas accións é preciso seleccionar indicadores de logro. Os indicadores deben ser claros, simples e co obxectivo de acadar unha mellora.
- **Medimos os indicadores con distintos instrumentos avaliación:** cuestionarios (alumnado, profesorado e familias, outros instrumentos acordados, anotacións, instrumentos de autoavaliación para o alumnado, informes dos titores e equipo directivo, informes da Comisión de convivencia e Consello Escolar, reproducións de calquera tipo, diarios, entrevistas, cuestionarios, Memoria final de curso (incluíndo valoracións de todos os implicados sobre as repercusións das medidas adoptadas na vida do centro), outros.

M7. Algunhas das relacións entre o plan de convivencia e o plan de acción tutorial (PAT)

Exemplificación de actuacións

O labor docente non pode realizarse á marxe dunha acción tutorial permanente, e nesta tarefa, encomendada na súa maior parte ao profesorado tutor, ten que implicarse toda a comunidade educativa co PEC como guía.

Desde esa consideración da acción tutorial, con máis razón se perciben as conexións entre o plan de convivencia e o plan de acción tutorial. Se, como indican algúns autores e autoras, para ser un bo profesor ou unha boa profesora é necesario ser comprensivo, aberto, flexible, bo observador, amable; estar sempre dispoñible; saber escoitar, axudar, motivar, valorar e criticar; máis necesario é todo isto, se cabe, para educar na convivencia.

En consecuencia, o desenvolvemento dun plan de convivencia debe considerar accións para realizar desde o plan de acción tutorial, é dicir, deben facerse explícitas actuacións promotoras de valores democráticos de convivencia, de cultura de negociación e diálogo, de cultura de paz. Polo tanto, debe incorporar nos seus obxectivos e nas súas actuacións, cos matices e gradacións en función dos destinatarios—alumnado, familias, profesorado—, referencias explícitas a eses valores que se poden traducir, no bloque dos obxectivos do PAT, en:

- M7.1. Coñecer e valorar as características do grupo de alumnos e alumnas, tanto desde o punto de vista persoal, como no relativo á competencia curricular, ás estratexias de aprendizaxe, á motivación, aos intereses, ás preocupacións e inquedanzas, ás relacións persoais; coa finalidade de producir as respostas educativas adecuadas.
 - Revisión do expediente persoal de cada alumno e de cada alumna, para un previo coñecemento da súa realidade.
 - Información ao departamento de orientación, sobre o alumnado que presenta desaxustes no seu comportamento, incluído o rendemento académico.
 - Disposición para atender e orientar as diferentes inquedanzas do alumnado.
- M7.2. Fomentar a integración do novo alumnado e profesorado, desenvolvendo accións que favorezan a adaptación dos novos alumnos e alumnas, profesores e profesoras, e a súa interacción co resto do alumnado e do profesorado.
 - Elaboración de programas de acollida.
 - Desenvolvemento das accións previstas no programa de acollida do alumnado de nova incorporación (durante o proceso de admisión, durante a matriculación, durante a incorporación, nas transicións de etapa...).
 - Desenvolvemento das accións previstas no programa de acollida do profesorado de nova incorporación (ao comezo do curso e ao longo del).
- M7.3. Contribuír á formación integral do alumnado, en sintonía cos principios de tolerancia, igualdade, respecto, solidariedade e paz, e cara á participación razoada e responsable na toma de decisións e na solución dialogada dos conflitos.

RELACIÓN PLAN DE CONVIVENCIA E PAT EXEMPLO DE MEDIDAS

M7. Algunhas das relacións entre o plan de convivencia e o plan de acción tutorial (PAT) (cont.)

Exemplificación de actuacións

- M7.4. Promover a participación das familias no labor formativo, asesorándoas e informándoas daquilo que precisen e demanden, en especial, da importancia da estimulación dos fillos e das fillas, da promoción da súa autonomía, dos valores que hai que considerar, da relación familia-alumnado-profesorado e de todo aquilo relacionado co proceso de ensino-aprendizaxe, e coa formación dunha sociedade para a convivencia democrática.
 - Informar o alumnado e as familias ao comezo do curso sobre a vida no centro, especialmente dos principais aspectos que figuran na NOF e na programación xeral.
 - Establecer un horario semanal de atención individual ás familias que posibilita a participación.
 - Planificar reunións xerais coas familias e das temáticas que se van abordar.
 - Asesorar as familias sobre o seu papel no proceso de maduración e desenvolvemento dos seus fillos e fillas. Elaboración e difusión de documentos informativos sobre a infancia, adolescencia, relacións persoais, educación afectivo-emocional etc.
 - Informar o alumnado e as familias, ao comezo do curso sobre a vida no centro, especialmente dos principais aspectos que figuran na NOF e na programación xeral.
- M7.5. Diseñar e desenvolver, en colaboración co departamento de orientación, algún programa facilitador da detección precoz de dificultades de convivencia e de relación.
- M7.6. Establecer unha liña de coordinación entre o equipo docente, especialmente no que atinxen os aspectos metodolóxicos.
- M7.7. Unificar medidas e procedementos de intervención e modelos de informes.
- M7.8. Establecer unha liña de coordinación entre os distintos niveis, ciclos e etapas.
- M7.9. Controlar a puntualidade e o absentismo e informar puntualmente a xefatura de estudos e a familia.
- M7.10. Colaborar co departamento de orientación nos programas previstos para cada nivel e ciclo, especialmente na posta en marcha das medidas de atención á diversidade.
- M7.11. Incorporar a convivencia aos aspectos que se deben incluír nas sesións de avaliación dos grupos.
- M7.12. Informar trimestralmente o consello escolar da situación da convivencia no centro.
- M7.13. Incorporar un informe sobre a convivencia á memoria anual de cada curso.

M8. Algunhas das relacións entre o plan de convivencia e o plan de atención á diversidade (PAD)

Exemplificación de actuacións

No Plan xeral de atención á diversidade (PAD), regulado no Decreto 229/2011, concretaranse todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que un centro educativo diseña e desenvolve para axear a resposta educativa ás necesidades da totalidade do seu alumnado.

No PAD, e referido ao plan de convivencia, concretaranse aspectos básicos para a convivencia do centro como:

- M.8.1. Desenvolver medidas e actuacións de tipo curricular, relacional e organizativo para promover a convivencia, a non discriminación e o respecto polas diferenzas.
- M.8.2. Optimizar a organización dos recursos do centro para dar resposta ás necesidades de todo o alumnado e en particular daquel con necesidade específica de apoio educativo.
- M.8.3. Elaborar as liñas de colaboración con pais/nais e con diferentes servizos externos ao centro para lle dar resposta á diversidade.
- M.8.4. Concretar e desenvolver os principios de atención á diversidade nas decisións de carácter pedagóxico, organizativo e de xestión do centro.
- M.8.5. Establecer procedementos para a escolarización e atención do alumnado procedente do estranxeiro.
- M.8.6. Organizar as medidas ordinarias e extraordinarias de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo para contribuír á consecución das competencias básicas e dos obxectivos das diferentes etapas e ensinanzas.

CONCRECIÓN DO PLAN

EXEMPLO DE ACTUACIÓN E CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN:

M7.- RELACIÓN PLAN CONVIVENCIA+PAT

OBXECTIVO	ACCION/ACTUACION	RESPONSABLE (COMPROMISO)	TEMPORALIZACION E RECURSOS	INDICADORES DE LOGRO / CRITERIOS DE AVALIACIÓN
M7. Fomentar a integración do novo alumnado e profesorado, desenvolvendo accións que favorezan a adaptación dos novos alumnos e alumnas, profesores e profesoras, e a súa interacción co resto do alumnado e do profesorado.	1. Elaboración de programas de acollida.	Orientador/a e Equipo directivo	1. Antes de rematar novembro. Materiais varios.	1. Obter resposta./ <i>Hai máis de dúas propostas.</i>
	2. Desenvolvemento das accións previstas no programa de acollida do alumnado de nova incorporación (durante o proceso de admisión, durante a matriculación, durante a incorporación, nas transicións de etapa...).		2. Ao rematar o 1.º trimestre. Materiais varios.	2. Os procedementos foron redactados./ <i>Presentáronse ao consello escolar e á CCP.</i>
	3. Desenvolvemento das accións previstas no programa de acollida do profesorado de nova incorporación (ao comezo do curso e ao longo deste).		3. Ao rematar o 2.º trimestre. Materiais varios.	3. As propostas foron incorporadas ás NOF.

CONCRECIÓN DO PLAN

EXEMPLO DE ACTUACIÓN E CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN: M3 .- RELACIÓNS INTERPERSOAIS

OBXECTIVO	ACCIÓN/ACTUACIÓN	RESPONSABLE (COMPROMISO)	TEMPORIZACIÓN E RECURSOS	INDICADORES DE LOGRO / CRITERIOS DE AVALIACIÓN
M3.11. Dispor de procedementos conciliados de resolución de conflitos.	1. Solicitarlles aos distintos colectivos da comunidade educativa propostas de procedementos conciliados.	• Orientador de • Xefe/e de estudos	1. Antes de rematar novembro. Materiais de lectura sobre o tema como apoio.	1. Obter resposta./ <i>Hai máis de dúas propostas.</i>
	2.....A comisión de convivencia redactará os procedementos atendendo ás propostas recibidas.		2. Ao rematar o 1.º trimestre. Materiais de lectura sobre o tema como apoio.	2. Os procedementos foron redactados./ <i>Presentáronse ao consello escolar e á CCP.</i>
	3. Incorporar as propostas ás NOF.		3. Ao rematar o 2.º trimestre. Materiais de lectura sobre o tema como apoio.	3. As propostas foron incorporadas ao NOF.

CONCRECIÓN DO PLAN

EXEMPLO DE ACTUACIÓN E CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN: M2.- FORMACIÓN


OBJECTIVO	ACCIÓN/ACTUACIÓN	RESPONSABLE (COMPROMISO)	TEMPORIZACIÓN E RECURSOS	INDICADORES DE LOGRO / CRITERIOS DE AVALIACIÓN
M2.5. Formar sobre a mediación como técnica de resolución de conflitos.	1. Formación do profesorado titor.	• Orientadora • Xef/a de estudos	1. Coñecemento, por parte das titoras e titores, da técnica de mediación ao rematar o 1.º trimestre. Material impreso e charlas relatores.	1. O profesorado recibiu a formación./Foi valorada positivamente.
	2. Formación, nas sesións de tutoría, do alumnado.		2. Coñecemento, por parte do alumnado, da técnica de mediación ao rematar o 2.º trimestre. Material impreso e charlas relatores.	2. O alumnado recibiu a formación./Foi valorada positivamente.
	3. Constitución e formación de equipos de mediadores.		3. Ter equipos de mediación formados ao rematar o curso. Protocolo escrito.	3. Os equipos están constituídos./A formación valorouse positivamente.

**Polo tanto, todo o traballo que facedes como
DOCENTES e FUNDAMENTAL**

**na posta en práctica e no desenvolvemento
dunha convivencia positiva nos centros
educativos e sen este non sería posible...**

**Pero ademais, a *Administración educativa* tenta
poñer á vosa disposición unha serie de ferramentas
e recursos que axuden ao profesorado e aos
centros nese traballo diario en prol dunha
convivencia escolar de calidade...**

**Entre estes podemos citar esta formación que
estades a realizar no voso propio dentro e ademais
outros coma...**



RECURSOS

PARA UNHA CONVIVENCIA POSITIVA NO CENTRO EDUCATIVO

- **PARA ACTUACIÓNS PREVENTIVAS**
- **PARA INTERVENCIÓNS**



ACTUACIÓNS E RECURSOS DA CONSELLERÍA DISPOÑIBLES ACTUALMENTE EN MATERIA DE CONVIVENCIA:

PROTOCOLO XERAL DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DO ACOSO ESCOLAR E O CIBERACOSO

Instrucións de 17 xuño de 2013 polas que se traslada o protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso nos centros docentes de niveis non universitarios sostidos con fondos públicos

(<http://www.edu.xunta.es/web/node/9694>)

VERSIÓN ACTUALIZADA: (<http://www.edu.xunta.es/portal/Educonvives.gal>)

PROTOCOLO EDUCATIVO PARA A PREVENCIÓN E O CONTROL DO ABSENTISMO ESCOLAR EN GALICIA

INSTRUCCIÓN DO 31 DE XANEIRO DE 2014 DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA POLAS QUE SE TRASLADA O PROTOCOLO EDUCATIVO PARA A PREVENCIÓN E O CONTROL DO ABSENTISMO ESCOLAR EN GALICIA

(<http://www.edu.xunta.es/web/node/11632>)

ACTUACIÓNS E RECURSOS DA CONSELLERÍA DISPOÑIBLES ACTUALMENTE EN MATERIA DE CONVIVENCIA:

☐ [Educonvives.gal.-](http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal)

<http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal>

- Plan estratéxico de convivencia
- Aplicación Convivencia xestión/
- Procedemento corrector de condutas contrarias ás normas de convivencia
- Protocolo xeral de acoso e ciberacoso
- Protocolo de urxencias sanitarias
- **OUTROS PROTOCOLOS**

Educonvives.gal



Estratexia galega de convivencia escolar

2015-2020

ACTUACIÓNS E RECURSOS DA CONSELLERÍA DISPOÑIBLES ACTUALMENTE EN MATERIA DE CONVIVENCIA:

**Orientacións
para a elaboración do**

**Plan de
Convivencia**



http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/plan_de_convivencia_orientacions.pdf

ACTUACIONES E RECURSOS DA CONSELLERÍA DISPOÑIBLES ACTUALMENTE EN MATERIA DE CONVIVENCIA:

- ❑ **SITIO WEB TEMÁTICO DE CONVIVENCIA.-** En elaboración/ reestructuración. Proximamente a disposición dos centros.



<http://www.edu.xunta.es/portal/convivencia>

ACTUACIÓNS E RECURSOS DA CONSELLERÍA DISPOÑIBLES ACTUALMENTE EN MATERIA DE CONVIVENCIA:

❑ **RECURSOS PERSOAIS.-** Equipos directivos, profesorado-titor, dinamizador da convivencia, Departamentos de Orientación, EOE, centros de formación del profesorado (CFR e CAFI), asesoría de convivencia (asesoria.convivencia@edu.xunta.es)

❑ Os Equipos de Orientación Específicos



<http://www.edu.xunta.es/portal/diversidadeorientacion/411/652/654>

❑ O CAFI e os CFR

Servizo de formación do profesorado, CAFI e CFRs

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA SERVIZO DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	 CAFI centro autonómico de formación e innovación
 CFR A CORUÑA	 CFR FERROL
 CFR LUGO	 CFR OURENSE
 CFR PONTEVEDRA	 CFR VIGO

<http://www.edu.xunta.es/portal/node/3095>

ACTUACIONES E RECURSOS DA CONSELLERÍA DISPOÑIBLES ACTUALMENTE EN MATERIA DE CONVIVENCIA:

- ❑ **CONTRATOS-PROGRAMA.-** Programas para a mellora do éxito escolar do alumnado. Inclúen unha actuación para a *“Mellora da convivencia”*.



ACTUACIONES E RECURSOS DA CONSELLERÍA DISPOÑIBLES ACTUALMENTE EN MATERIA DE CONVIVENCIA:

❑ **PROXECTO EUROPEO ARBAX.-** Participación no Proxecto europeo “Comenius” para loitar contra o acoso e a discriminación na escola en 4 países. Aproveitar o desenvolvemento das TIC como instrumento para investigar novas metodoloxías de educación en valores e loita contra a violencia nas aulas.



<http://www.schoolbullying.eu/es/project>

ACTUACIÓN E RECURSOS DA CONSELLERÍA DISPOÑIBLES ACTUALMENTE EN MATERIA DE CONVIVENCIA:

❑ PLAN DIRECTOR DE CONVIVENCIA E MELLORA DA SEGURIDADE NOS CENTROS EDUCATIVO E NOS SEUS CONTORNOS.-

Colaboración entre Ministerio Interior, Delegación Gobierno, Alta Inspección e Consellería con competencias en materia educativa no ámbito da CA de Galicia. Charlas informativas/formativas impartidas, a diferentes membros da comunidade educativa, por expertos das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado sobre temáticas favorecedoras da boa convivencia.



<http://www.edu.xunta.es/porta1/es/node/17042>

ACTUACIÓN E RECURSOS DA CONSELLERÍA DISPOÑIBLES ACTUALMENTE EN MATERIA DE CONVIVENCIA:

❑ **ESPAZO ABALAR.**- Repositorio de recursos informáticos útiles para traballar a mellora da convivencia en centros



<https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/>

ACTUACIÓNS E RECURSOS DA CONSELLERÍA DISPOÑIBLES ACTUALMENTE EN MATERIA DE CONVIVENCIA:

- ❑ **SITIO WEB TEMÁTICO DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E ORIENTACIÓN.-** No espazo de orientación, actuacións e recursos para a educación en valores na acción tutorial



<http://www.edu.xunta.es/portal/diversidadeorientacion/411/415>

<http://www.edu.xunta.es/portal/diversidadeorientacion/141/145/410>

ACTUACIÓNS E RECURSOS DA CONSELLERÍA DISPOÑIBLES ACTUALMENTE EN MATERIA DE CONVIVENCIA:

❑ **ESPAZO WEB NAVEGA CON RUMBO.-** Iniciativa encamiñada a que @s escolares, naveguen con tino pola Rede, é dicir, con seguridade, evitando o ciberacoso e riscos Internet



<http://www.edu.xunta.es/navegaconrumbo/>

OUTROS RECURSOS NON INSTITUCIONAIS

❑ FUNDACIÓN SAVE THE CHILDREN

“OS HEROES DO PATIO: quen son ou quen pode ser?”

O acoso escolar é violencia. Poñer alcumes, empuxar, insultar, burlarse de alguén, dar información moi persoal en internet, facer mocas ou pegar. Moitos nenos/as e xoves enfróntanse a situacións como estas no seu centro escolar. Temos a **responsabilidade** de terminar con isto, pero ademais, temos o **poder** para facelo. Hai uns **heroes** que poden combatelo. ***Alumnado, pais/nais e profesorado podemos ser os heroes do patio.*** Solo hai que dar un paso adiante, tomar a decisión e actuar contra el acoso escolar.



<https://www.savethechildren.es/heroesdelpatio>

OUTROS RECURSOS NON INSTITUCIONAIS

□ FUNDACIÓN SAVE THE CHILDREN

“OS HEROES DO PATIO: quen son ou quen pode ser?”

Crime + Investigación (produtora) presenta en estes **4 vídeos** algún destes ***poderes que todos levamos dentro e que axuda a combater o acoso escolar***:

- **Capítulo 1.** "Byte Face" ="Non difundas información/rumores nas redes sociais". Co Rubius: <https://youtu.be/pmhXBNgeC1I>
- **Capítulo 2.** "Ultra Shout" = “Grita/Pide axuda”. Con Edurne: <https://youtu.be/IQmk0XKni4E>
- **Capítulo 3.** "Shield Boy"= “O neno escudo/os fortes debemos auxiliar aos débiles”. Con Óscar Martínez: <https://youtu.be/HkxVt53rTww>
- **Capítulo 4.** "Wolf Eyes" = “Ollos do lobo /Cando vexo algo nos seus ollos debo actuar”. Con Cecilia Freire: <https://youtu.be/1it92ILQgz0>

OUTROS RECURSOS NON INSTITUCIONAIS

Justifica tu respuesta: Santiago Moll explica nesta entrada do seu blog unha actividade educativa para loitar contra o bullying en las aulas. Consiste nun vídeo explicativo sobre os tipos de acoso que existen e un traballo para realizar en grupo cos alumnos, utilizando este vídeo como base. Con isto, preténdese previr comportamentos de intimidación entre os máis xoves á vez que animar ás vítimas a denuncialo.

<http://justificaturespuesta.com/como-ensenar-tus-alumnos-los-tipos-de-acoso-escolar/>



OUTROS RECURSOS NON INSTITUCIONAIS

- Vídeo sobre unha campaña contra o acoso escolar que tivo grande repercusión mediática. Dura menos de tres minutos e leva directamente ao :

<https://youtu.be/xLN7JAUu86I>

- Y hate you = “*TE ODIO*”
- Don't be a bully. Losers. = “*NON SEXAS UN MATÓN. PERDEDOR*”



OUTROS RECURSOS NON INSTITUCIONAIS

○ Vídeo sobre unha situación de acoso escolar:

“Máis que palabras”:

<https://youtu.be/m2zSeecB5aw>



OUTROS RECURSOS NON INSTITUCIONAIS

- Entre corredores e aulas.- O orientador do IES Mar de Poniente da Línea (Cádiz), dispón no seu blog de multitude de recursos para combater o acoso escolar dentro e fora do colexio. Nesta entrada, define qué é e qué medidas tomar contra este no centro, na aula e individualmente, así como unha guía de actividades para educar e concienciar sobre o tema.

<http://entrepasillosyaulas.blogspot.com.es/2010/12/recursos-para-tratar-el-acoso-escolar.html>



OUTROS RECURSOS NON INSTITUCIONAIS

○ Test MyBullying para a detección do acoso escolar

O programa foi presentado o **11 de febreiro de 2016** na Comunidade de Madrid, onde se comezará a aplicar

Trátase dunha nova ferramenta para a detección e intervención no acoso escolar. Trátase do programa [programa online MyBullying](https://www.mybullying.com/es/index.php) (<https://www.mybullying.com/es/index.php>), desenvolvido pola Universidade Complutense de Madrid que detecta o acoso escolar en tan só 10 minutos.

○ Ler aquí as condicións do contrato: [Enlace.](https://www.mybullying.com/es/contrato.php)
(<https://www.mybullying.com/es/contrato.php>)

Fonte: [Blog Orientación y Educación Madrid](#)

Accede ao test MyBullying

The screenshot displays the MyBullying web interface. On the left, there is a red 'MyBullying' logo. The main content area is divided into two sections: 'ALUMNOS' (Students) and 'PROFESORAS/ES' (Teachers). The 'ALUMNOS' section contains a text box for 'Introduce el Código que te ha dado tu profesora/or' and a button with a right-pointing arrow. The 'PROFESORAS/ES' section includes a 'Usuario' field, a 'Contraseña' field with a password strength indicator, a 'Registrarse' button, and a 'Recibir una nueva contraseña' button. At the bottom, there is a link '¿Cómo funciona la web MyBullying?' and a note about viewing results in PDF format by clicking a button.

OUTROS RECURSOS NON INSTITUCIONAIS

- **Páxina do Proxecto OrientaGalicia en Facebook.** - É o centro do proxecto e se actualiza con frecuencia, con noticias e recursos: <https://www.facebook.com/proyectoorientagalicia/>
- **Grupos temáticos do Proyecto OrientaGalicia en Facebook.-**
Animádevos a formar parte dos diferentes grupos pechados nos que se da cabida a profesionais de toda España. Podedes solicitar unirvos a calquera destes:
 - Rincón de educación infantil e primaria - Orienta Galicia
 - Orientadores de Primaria - Orienta Galicia;
 - Orientadores de Secundaria (Foro) - Orienta Galicia;
 - PTs e Als. Profesionais de apoio escolar - Orienta Galicia
 - Educando Hij@s - Orienta Galicia
 - Familias Especiais - Orienta Galicia
 - RecurSOS de ESO e máis
 - Opositores sobradamente preparados para a Ensinanza Pública - Orienta Galicia



OUTROS RECURSOS NON INSTITUCIONAIS

- **Blog do Proyecto OrientaGalicia.** Desde 2015, o proxecto creceu cun blog no que se recollen os recursos compartidos nos últimos anos: <http://orientagalicia.blogspot.com.es/>. Animámosvos a enviar novos recursos ao seu correo: orientagalicia10@gmail.com

Canal do Proyecto OrientaGalicia en YouTube.- A iniciativa conta tamén cun canal en YouTube dende 2015:

<https://www.youtube.com/channel/UCo2W1FRWEkjHHhP6oOsgtag/playlists>



OUTROS RECURSOS NON INSTITUCIONAIS

DESTACADOS EN ORIENTAGALICIA:



- **Recursos sobre o acoso escolar:**

<http://orientagalicia.blogspot.com.es/search/label/Acoso%2FBullying>

- **Recursos sobre internet:**

<http://orientagalicia.blogspot.com.es/search/label/Internet>

- **Recursos sobre convivencia positiva:**

<http://orientagalicia.blogspot.com.es/search/label/Convivencia%20Positiva>

- **Recursos sobre a diversidade e a inclusión:**

<http://orientagalicia.blogspot.com.es/search/label/Diversidad%20e%20Inclusi%C3%B3n>

- **Recursos sobre o xénero e a igualdade:**

<http://orientagalicia.blogspot.com.es/search/label/G%C3%A9nero%20e%20Igualdad>

- **Recursos de outros blogs:**

<http://orientagalicia.blogspot.com.es/search/label/Blogs>

OUTROS RECURSOS NON INSTITUCIONAIS

BLOGS DESTACADOS E RECOMENDADOS:

- **Blog da orientadora Mónica Diz Besada**, incorpora entre os seus recursos unha etiqueta referida á convivencia, e dentro desta entre outros un apartado de acoso escolar e ciberacoso.

<http://monicadizorienta.blogspot.com.es/p/convivencia.html>



OUTROS RECURSOS NON INSTITUCIONAIS

BLOGS DESTACADOS E RECOMENDADOS:

- **Blog da orientadora Silvia Patricio.-** Trátase dun blog moi completo con diferentes categorías. Imos destacar as referidas ao acoso escolar e á convivencia.
 - Recurso para a convivencia:
<http://silvinaorienta.blogspot.com.es/search/label/Convivencia>
 - Recursos para o acoso e ciberacoso:
<http://silvinaorienta.blogspot.com.es/search/label/Bullying%20e%20Ciberbullying>

Silvina Paricio orienta

Este é un blog de orientación educativa e académico-profesional para consulta da comunidade educativa. Para orientarte neste blog, tes que seguir as categorías que están á dereita e premer na que che interese.

OUTROS RECURSOS NON INSTITUCIONAIS

- **Blog Orientapas.-** Recursos: Aínda que o obxectivo de Orientapas é máis a reflexión, dous dos seus proxectos colaborativos principais se centran compartir recursos. Orientapas non pretende volver a copiar e pegar os enlaces e guías que, de forma repetida, se comparten unha e outra vez en blogs e redes sociais. Trátase de compartir, de maneira crítica, recursos propios, reelaboracións colectivas e recompilacións colaborativas. Desde este blog recomendase non só darlle ao "*Me gusta*" ou "*Retuitear*" recursos educativos abertos (REA), senón de comentalos e explicar a súa utilidade. Destacamos os referidos á convivencia:

<http://orientapas.blogspot.com.es/search/label/Convivencia>



OUTROS RECURSOS NON INSTITUCIONAIS

- **Blog da asociación Convives.-** Revista con artigos e recursos para traballar a convivencia e previr o acoso escolar.

<http://convivesenlaescuela.blogspot.com.es/>



OUTROS RECURSOS NON INSTITUCIONAIS

○ **Blog La botica del orientador.-** Blog dun orientador con numerosos recursos entre estes para a convivencia e acoso escolar:

- Recurso para a convivencia:
<http://orientafer.blogspot.com.es/search/label/convivencia>
- Recurso para o acoso:
<http://orientafer.blogspot.com.es/search/label/acoso>



OUTROS RECURSOS NON INSTITUCIONAIS

- **Educación en dereitos**, programa educativo de **UNICEF** dirixido aos centros de ensino.
- **Educación en dereitos** é un programa educativo de UNICEF para impulsar nos centros escolares unha educación baseada nos dereitos da infancia, como establece a *Convención das Nacións Unidas sobre os Dereitos do Neno*, **actitudes e valores: solidariedade, paz, tolerancia, xustiza social, concienciación ...** proporcionándolles coñecementos e aptitudes que permitan **facelo de xeito responsable e comprometido**.
- Conta con **materiais educativos**:
guía metodolóxica e fichas de avaliación
(descargable gratuitamente desde a web)
e recursos on line para a comunidade educativa.

http://www.enredate.org/educacion_en_dereitos



OUTROS RECURSOS NON INSTITUCIONAIS

Elena Martinez Blanco

- Alumnos de 3º de la ESO, la novedad del enamoramiento, una foto ligera de ropa y el Whatsapp. Esos son los ingredientes que ha utilizado la autora para presentarnos las turbulencias del acoso escolar a través de las Redes Sociales e Internet.
- Martínez podría haberse centrado en la historia del acoso en sí, y fijar su atención en las víctimas adolescentes de estos casos, pero ha decidido llevar al extremo a todos los posibles lectores de esta novela juvenil. Ha querido mostrar sin tapujos los errores que cometen adultos y adolescentes, quienes por miedo o desconocimiento tardan en atajar estos abusos. Sobre todo, los errores que cometen los padres y profesores, y el problema de la tardanza en poner en marcha protocolos de emergencia.
- ¿Qué deberías hacer tú como compañero, profesor, padre o madre ante el ciberbullying? Ven y descúbrelo.

<https://www.facebook.com/elenamartinezblanco>



**ESTES SON SÓ ALGÚNS DOS
MOITOS RECURSOS PARA
TRABALLAR A
CONVIVENCIA ESCOLAR
EN XERAL E O
ACOSO/CIBERACOSO
EN PARTICULAR
TANTO INSTITUCIONAIS
COMO
NON INSTITUCIONAIS...**

E xa para rematar....

**Darvos as grazas por este pequeno tempo de
convivencia tan positiva que teño o pracer de
compartir convosco...**

GRAZAS

M^a ISABEL BARREIRO GUNDÍN
mbgundin@gmail.com

